

Este libro é froito do acordo de colaboración cultural entre o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Edicións Xerais de Galicia, para a coedición da colección Biblioteca Dramática Galega.

Título orixinal en noruegués: *Et dukkehjem*  
Deseño da cuberta: Ramón Domínguez  
Ilustración da cuberta: Villalobo

© Da tradución ao galego:  
Liliana Valado, Marta Dählgren, 2007

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007  
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo  
xerais@xerais.es  
ISBN: 978-84-9782-572-6 (Edicións Xerais de Galicia)  
ISBN: 978-84-453-4399-9 (Xunta de Galicia)  
Depósito Legal: VG. 236-2007

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

# Casa de bonecas

*Tradución: Liliana Valado  
e Marta Dählgren*

*Introdución e notas: Liliana Valado*

**Henrik Ibsen**

XERAIS



## INTRODUCCIÓN

### O autor e a obra

Tras case dous séculos do nacemento de Henrik Ibsen en Skien, unha aldea da costa de Noruega, esta obra titulada orixinariamente *Et Dukkehjem* chega ao noso sistema grazas á súa tradución cara ao galego como *Casa de bonecas*. Coincidindo co aniversario do autor, todos os que como Ibsen nacemos no mes de marzo, imos ter a oportunidade de agasallármonos estas lecturas despois de máis dun século da súa publicación orixinal (1879) en noruegués.

*Casa de bonecas* é unha das vinte e seis obras de teatro que Ibsen escribiu e encádrase no xénero dramático realista contemporáneo xunto con *Alicerces da sociedade*<sup>1</sup> (*Samfundets støtter*, 1877), *Os espectros* (*Gengangere*, 1881) e *Un inimigo do pobo* (*En Folkefiende*, 1882).

Na actualidade, a pesar do salto temporal, esta obra segue a manter vixencia non só pola consigna que Ibsen lanza a favor da igualdade da muller representada en *Casa de bonecas* na figura de Nora e a súa condición de

---

<sup>1</sup> A tradución ao galego dos títulos das obras de Ibsen, agás no caso de *Os espectros*, é nosa.

muller sometida pola sociedade, senón tamén pola modernidade teatral que este texto simboliza. Ibsen critica os valores da sociedade burguesa a través de personaxes da clase media como Helmer, só preocupado por reunir cartos e que non dubida en agochar a mentira no ámbito da vida privada para salvar a súa faceta pública. Así e todo,

Ibsen dá un paso máis alá ao encarar esa base convencional cun desenvolvemento argumental de carácter antirromántico ou, se se quere, realista, de maneira que os personaxes deben arrostrar sen axuda as circunstancias difíciles da vida. (Vilariño e Abuín 2002: 62-63)

Nesta liña, esta coedición na nosa lingua vén constatar que o autor segue vixente hoxe en día; en verbas de Arthur Miller, «In recent years Ibsen has fallen into a kind of respectful obscurity that is not only undeserved but really quite disrespectful of culture. I had a private wish to demonstrate that Ibsen is really pertinent today, that he is not 'old-fashioned'»<sup>2</sup>. Proba da súa vixencia é a representación<sup>3</sup> das súas obras teatrais sobre os diferentes escenarios da xeografía fóra e dentro do Estado español no momento presente. No ano 2006, só no ámbito peninsular, estreáronse *Espectros* (*Gengangere*, 1881) e *Un inimigo do pobo* (*En Folkefiende*, 1882) –esta última tivo tres estreos en tres localidades distintas–. De feito, tal e como reza na súa páxina, «Det sies at Ibsen nest etter Shakespeare er verdens mest spilte dramatiker»

<sup>2</sup> Estes últimos anos, Ibsen caeu nunha especie de esquecemento por cortesía que non só é inmerecido senón tamén irrespectuoso para coa cultura. Para min, é case un reto persoal demostrar que Ibsen segue de moda e mais goza de plena actualidade.

<sup>3</sup> A referencia obtémola da páxina oficial de Ibsen: <http://www.ibsen.net/>.

(Seica Ibsen é o dramaturgo máis representado despois de Shakespeare).

### A tradución

Por segunda vez, o sistema literario galego volve acoller a importación dunha obra deste autor noruegués; Ibsen xa foi vertido á nosa lingua da man de Manuel Guede Oliveira, que realizou a adaptación da versión ao galego de *Os espectros* publicada na Colección Centro Dramático Galego no ano 2002.

No noso caso, tamén se acepta o encargo de traducir o texto para a súa representación teatral, inda que previamente tamén sae editado como texto de lectura. Este breve período temporal entre edición en formato papel e representación na escena coincide coa situación orixinal en 1879 cando *Casa de bonecas* se escribiu –dende principios de maio a mediados de setembro de 1879–, publicou –4 de decembro de 1879– e representou –21 de decembro de 1879–, coa excepción de que se trata da edición dun texto traducido e non de autoría propia no caso do orixinal noruegués.

A editorial norueguesa F. Hegel & Søn imprimiu unha primeira tiraxe de 8.000 exemplares que se venderon en menos dun mes; a esta seguirían dúas edicións máis de 4.000 –4 de xaneiro– e 2.500 –8 de marzo– copias. O éxito obtido foi tan relevante que a Ibsen lle supuxo a fama na esfera internacional. Así mesmo, a representación en Det Kongelige Teater (Teatro Real) de Copenhague contou cun cheo total. A esta estrea seguiron outras nos países escandinavos e en Alemaña, o primeiro país fóra da península escandinava onde se representou.

Neste senso, as tradutoras concibimos a tradución como unha obra que vai ser representada no século XXI

en Galicia na súa lingua propia e, polo tanto, adaptamos o noruegués *ibsiانو* de finais do século XIX á lingua galega moderna en función da súa recepción e posta en escena no noso contexto. En consecuencia, a nosa lingua oral reconécese na estrutura formal que compón as entradas de diálogo dos distintos personaxes que conforman este drama, mais sen esquecer os rexistros de uso que caracterizaban o noruegués –e tamén o galego– de finais do século XIX. Referímonos, por exemplo, aos tratamentos entre os personaxes, isto é, de *ti* ou de *vostede*. Á lectora ou ao lector non lle ha sorprendere ver como os personaxes –excepto entre as amizades e relacións máis íntimas– non se atúan, debido aos formalismos sociais da época; no entanto, a ninguén deixará indiferente a escena do acto terceiro na que a señora Linde se lle declara ao procurador Krogstad –antigo amante– con estas formas: «Preciso que me queiran coma a unha nai e os seus fillos precisan esa nai. Eu precisoo e vostede a min. Krogstad, penso que no fondo é un bo home. Con vostede atrévome a todo.»

Respecto deste último acto, algúns directores alemáns suscitaron unha polémica no momento de representala en 1880: preferían que a ruptura entre Nora e Helmer tivese un final feliz. No fío destas suxestións, Ibsen reescribiu a escena, pero enviou unha carta a un xornal de Copenhague na que lle explicaba ao seu tradutor e axente os motivos polos que preferiu dar a súa versión alternativa. Ibsen tomara a decisión de crear el mesmo outro final porque non se fiaba das posibles traducións ou adaptacións. Así que como medida de prevención, remitiulle ao seu tradutor e axente un borrador que podería usar en caso de necesidade. Con todo, Ibsen evidencia que só accede a modificar el mesmo o desenlace da obra debido ás constantes violacións ás que os

textos dramáticos están expostos por parte de tradutores, directores de teatro, actores e salas de teatro. Noutras palabras, el mesmo prefere «violarse» o seu propio texto ante a «ameaza da adaptación nas mans do outro».

A resposta negativa de Ibsen ante o caso de «tradución» que vimos de citar está xustificada, xa que se trata dunha manipulación, criterio subxectivo que non debe seguirse nunha tradución, xa que os contidos e a ideoloxía do texto orixinal deben respectarse e, xa que logo, trasladarse no texto traducido. De feito, en *Casa de bonecas* as tradutoras non nos deixamos levar polos sentimentos de rabia –manipular– ante a actitude patriarcal do marido e da sociedade da época á hora de transvasar sen alteracións o sometemento que condiciona a personaxe de Nora ante o seu marido Helmer e a sociedade en xeral.

A diferenza na liña do tempo vén complementada coa distancia xeográfica, que conforman dúas culturas e linguas distintas. A decisión ante o proceso de traducir as representacións do outro –nomes de personaxes, comidas, vestimenta– é de manter o exotismo –estranxeirista– sen que entorpeza a comprensión –recepción–. Nesta liña, mantéñense os antropónimos na súa grafía orixinal<sup>4</sup>, excepto os nomes das persoas do servizo como Ani –Anne-Marie, a aia– e Lena –Helene, a doncela– atendendo ao uso de hipocorísticos en galego. Ofrecer unha solución para un aspecto marcadamente cultural do texto orixinal como o termo *makroner*, unhas pastas tradicionais do Nadal escandinavo que Nora come ás agachadas de Helmer, representounos unha dificultade. Na actualidade, poden ser de améndoa ou coco, inda que as de Nora son de améndoa. Serían o correspondente dos

<sup>4</sup> Na época panescandinava nacionalista, promovíanse os antropónimos autóctonos (coma en Galicia, os nomes de persoa galegos) como símbolo da identidade propia.

nosos amendoados ou cocadas, tan característicos do Nadal en Galicia, que se ven principalmente nas pastelaría de Compostela. E xa por último, unha anotación sobre *yttertøyet* –a roupa de fóra–; xa mencionamos que é Nadal e, polo tanto, o inverno neva as rúas norueguesas, así que cando Nora vén da rúa, entra na casa e saca a roupa de fóra, non só leva abrigo, senón claramente abrigo e sombreiro para protexerse da friaxe (frío e vento xeados) das primeiras nevaradas. Valoramos que estes aspectos poden resultar relevantes para a lectura do texto e a escenificación da obra e así o facemos constar nas notas a pé de páxina.

Cómpre dicir que a tradución se fixo a partir dunha edición electrónica en noruegués moderno pendurada na rede<sup>5</sup>. Dado que Ibsen está libre de dereitos –setenta anos transcorridos tras a morte do autor–, hai varios libros electrónicos á disposición das usuarias e usuarios; decidímonos pola citada reprodución, xa que presenta un formato accesible de fácil visualización –páxina a páxina– que se complementa cun arquivo de audio que reproduce a lectura do texto. Non podemos deixar de mencionar a versión electrónica do facsímile manuscrito por Ibsen na súa orixe; sen dúbida, trátase dun documento que pode facilitar os estudos eruditos, pero no noso caso non botamos man del dado que non sempre é lexible e, o máis importante, non está redactado en noruegués moderno.

### Baixa o pano

Vaites!, non deixa de sorprendernos a facilidade coa que podemos acceder a ler en galego pouco máis dun cento de páxinas que nos desprazan por un texto que orixina-

<sup>5</sup> <http://www1.his.no/ebok/eboeker/nora.htm>

riamente se escribiu en noruegués. A tradución facilitanos o acceso a outras culturas e linguas que veñen a enriquecer o xa de por si rico sistema literario galego. *Casa de bonecas* pasa a formar parte do canon de obras dramáticas traducidas ao galego e Henrik Ibsen vólvese conformar como un autor accesible na nosa lingua.

Velaí un texto que incrementa tanto a oferta galega da escrita coma da escena!

### Bibliografía

Vilariño, M<sup>a</sup>. T. e A. Abuín. 2002. «Henrik Ibsen e a formación do drama moderno» en IGAEM (ed.) *Os espectros*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 53-89.

Miller, A. 1979. *An Enemy of the People. An adaptation of the play by Henrik Ibsen* New York, Penguin Books.

LILIANA VALADO

## PERSONAXES

TORVALD HELMER, AVOGADO

NORA, A SÚA MULLER

DOUTOR RANK

SEÑORA LINDE

PROCURADOR KROGSTAD

TRES NENOS PEQUENOS, OS FILLOS DOS HELMER

ANI, A AIA

A DONCELA DOS HELMER

MOZO DOS RECADOS

A acción transcorre no fogar dos Helmer.

## ACTO PRIMEIRO

*Unha sala acolledora, decorada con gusto, pero con recursos medios. Unha porta á dereita no fondo leva á entrada da casa; outra porta á esquerda, no fondo, leva ao despacho de Helmer. Entre ambas as portas, un piano-forte. No centro da parede á esquerda hai unha porta e máis adiante unha fiestra. Preto da fiestra, unha mesa redonda con butacas e un sofá pequeno. Na parede á dereita, preto do foro, outra porta, e na mesma parede, cara á embocadura, unha estufa de cerámica con dúas butacas e un mexedor. Entre a cheminea e a porta lateral, unha mesa pequena. Gravados nas paredes. Un andel con figuras de porcelana e outros adornos de pequeno tamaño; un pequeno moble con libros encadernados en pel. No chan, unha alfombra, na estufa, lume. É un día de inverno.*

*Chaman á porta; pouco despois escóitase como a porta da entrada é aberta. Nora entra, contenta e cantaruxando. Vén da rúa con roupa de abrigo<sup>1</sup> e uns paquetes, que pou-sa na mesa da dereita. Deixa a porta da entrada aberta*

---

<sup>1</sup> Nora trae roupa de abrigo, claramente leva abrigo e sombreiro, indumentaria habitual cando é pleno inverno en Noruega, onde transcorre a acción.

*e pódese ver un mozo entregándolle unha árbore de Nadal e un canistrel á doncela que lles abriu a porta.*

NORA: Ten que agochar a árbore, Helena. Os nenos non poden vela deica a noite, cando estea adornada. *(Ao mozo; saca o moedeiro)* Que lle debo?

MOZO: Cincuenta céntimos.

NORA: Tome... unha coroa. Deixe... déixeo estar, pode quedar coas voltas.

*O mozo dá as grazas e marcha. Nora pecha a porta. Segue contenta e sorri, mentres quita o abrigo.*

NORA: *(Saca unha bolsiña con amendoados do peto e come un par deles; deseguido espreita tras a porta do despacho do seu esposo)* Está na casa. *(Cantaruxa de novo mentres se dirixe cara á mesa da dereita)*

HELMER: *(Dende o seu despacho)* Chégame o rechouchío da miña rula?

NORA: *(Está a abrir un dos paquetes)* Chégache.

HELMER: Chégame a brincadeira do meu esquío?

NORA: Chega.

HELMER: E cando volveu o esquío?

NORA: Agora mesmiño. *(Mete a bolsiña dos amendoados<sup>2</sup> no peto e limpa a boca coa man)* Sae, Torvald, e verás o que merquei.

HELMER: Non me molestedes! *(Abre a porta aos poucos e mira, coa pluma na man)* Mercar, dixeches? Todo iso? A miña rula saíu outra vez a gastar os cartiños?

<sup>2</sup> En noruegués estes doces chamados *makroner* son pastas tradicionais de amendoas ou coco típicas do Nadal.

NORA: Pois si, Torvald, pero este ano podemos permitir-nolo. É o primeiro Nadal que non temos que pensar en aforrar.

HELMER: Con todo, sabes ben que non podemos pórnos a desbaratar sen máis.

NORA: Torvald, un pouco si podemos, non é? Só un pouquiño. Hanche pagar un bo soldo e gañarás moitos, moitos cartos.

HELMER: Si, pero despois do Aninovo. E pasarán tres meses completiños até que mo ingresen.

NORA: Tanto ten, podemos pedir prestado deica entón.

HELMER: Nora! *(Achégase a ela e, de brincadeira, dálle un tirón de orellas)* Déixate de frivolidades! Imaxina que hoxe pido mil coroas emprastadas e vas ti e as gastas todas no Nadal, e na Noitevella cáeme unha tella na cabeza e morro.

NORA: *(Pon a man no seu brazo)* Ai, non, non fales dese xeito.

HELMER: Xa, pero imaxina que ocorre, que farías, daquela?

NORA: De chegar a pasar algo tan horrible, daríame o mesmo ter débedas ou non.

HELMER: Vale, pero que pasa coa xente a quen lle pedín prestado?

NORA: Eles? A quen lle importan? Sonche xente que non coñezo.

HELMER: Nora, Nora, muller tiñas que ser! Non, en serio, Nora; xa sabes o que penso diso. Nada de débedas! Nada de préstamos! Falta a liberdade e tamén a beleza

na casa que se constrúe con préstamos e débedas. Até hoxe os dous aguantamos con dignidade e así será tamén no pouco tempo que nos queda.

NORA: (*Achegándose á estufa*) En fin, como queiras, Torvald.

HELMER: (*Vai tras ela*) Veña, veña, miña rula, non quero verte coas ás caídas. Que lle ocorre ao meu esquí? (*Saca o moedeiro*) Adiviña o que teño aquí.

NORA: (*Volve cara a el con rapidez*) Cartos!

HELMER: Toma. (*Entrégalle uns billetes*) Se saberei eu os cartos que cómpren nunha casa durante o Nadal.

NORA: (*Conta*) Dez, vinte, trinta, corenta. Ai, grazas, Torvald, grazas. Con isto xa me chega para unhas cantas cousiñas...

HELMER: Abofé que si.

NORA: Prométocho. Pero ven aquí, que tes que ver todo o que merquei. E ben barato! Mira, roupa nova para Ivar, e un sabre. E un cabalo e unha trompeta para Bob. Unha boneca coa súa cama para Emmy; é todo moi normalíño, total vainas romper en nada. Tamén merquei tea para vestidos e panos para as serventas. A vella Ani merece moito máis.

HELMER: E nese paquete, que hai?

NORA: (*Berra*) Ai, non, non o podes ver deica a noitiña!

HELMER: Moi ben, pero dime, miña pequena gastadora, que pensaches para ti?

NORA: Para min, nada, non ten importancia.

HELMER: Si que ten. Dime algo que nos poidamos permitir, algo que che apeteza.

NORA: Non, de verdade, non quero nada. Agora, se queres...

HELMER: Dime.

NORA: (*Tocando os botóns do seu chaleco, sen miralo á cara*) Se queres facerme un agasallo, entón poderías, se queres...

HELMER: Fala xa, que queres?

NORA: (*Fala rapidamente*) Poderías darme cartos, Torvald. Só os cartos que non che fan falta, e mercarei algo máis tarde.

HELMER: Pero Nora...

NORA: Si, por favor Torvald. Pídocho de verdade. Podo facer un paquetiño con papel dourado e colgar os cartos da árbore. Tería a súa graza, non cres?

HELMER: Como se chama ese paxaro que sempre anda tras as moedas de ouro?

NORA: Xa sei, a pega. Fagamos o que che dixen, Torvald, así terei tempo para pensar que é o que máis preciso. Non che parece que teño moito sentidiño? Que me dis?

HELMER: (*Cun sorriso*) Certo, se é que realmente vas gardar os cartos que che dou para mercar algunha cousa que che fai falta de verdade. Pero vas gastalos na casa ou nunha cousa inútil para que despois teña que darche máis.

NORA: Pero Torvald...

HELMER: Non mo podes negar, miña querida Nora. (*Rodéaa pola cintura*) A peguiña é preciosa, pero gasta unha chea de cartos. Non podes nin imaxinar o que ten que gastar un home para manter unha pega.

NORA: Veña, como podes falar así. Aforro todos os cartos que podo.

HELMER: *(Ri)* Aí si que acertaches, todos os cartos que podes. Pero é que non podes.

NORA: *(Cantaruxa leda e sorri)* Verás, Torvald, é que non te dás idea dos gastos que temos os paxariños e as pegas.

HELMER: Non te entendo moi ben. Es coma o teu pai. Non queres gastar nada, pero cando tes cartos cáenche das mans, nunca sabes que fixeches con eles. Ben, hai que aceptarte como es. Lévalo no sangue. Sen dúbida, Nora, esas cousas sonche hereditarias.

NORA: Quen me dera ter herdado o carácter de papá!

HELMER: Eu non te quero distinta de como es, miña linda rula cantareira. Pero atende, seica... parece —como diría eu— que hoxe me estás a ocultar algunha cousa.

NORA: Eu nunca faría tal.

HELMER: A que si. Mírame aos ollos!

NORA: *(Mira para el)* E logo?

HELMER: *(Axita o dedo índice)* Non será que unha lambona fixo hoxe unha incursión na aldea?

NORA: Non, asegúrocho, Torvald...

HELMER: Nin unha lambetada pequecha?

NORA: Non, nada de nada.

HELMER: Nin un amendoado ou dous.

NORA: Torvald, dígocho de verdade...

HELMER: Vale, vale, era por brincar!

NORA: *(Achégase á mesa da dereita)* Non se me ocorrería contrariarte.

HELMER: Xa o sei, amais prometérasmo, non é? Daquela, queda cos teus segredos do Nadal. Supoño que esta noite se verán á luz da árbore cando acendamos as candeas.

NORA: Lembraches convidar o doutor Rank?

HELMER: Non, non é necesario, enténdese que cea conosco. De todos os xeitos, vouno convidar hoxe mesmo cando veña falar comigo. Encarguei un viño excelente. Nora, se soubeses canto desexo que chegue esta noite!

NORA: Tamén eu. E aos nenos failles moitísima ilusión, non si?

HELMER: Alédame pensar que xa teño un posto seguro e que vou contar cun bo soldo, a que si? Só con pensalo xa son feliz.

NORA: Ai, é marabilloso!

HELMER: Lembras o Nadal pasado? As tres semanas anteriores á Noiteboa pasáchelas pechada polas noites nun cuarto para preparar os adornos da árbore de Nadal e mais todas as outras marabillas coas que nos querías sorprender. Non o pasei peor na miña vida!

NORA: A min non me custou nada.

HELMER: *(Sorri)* Pero foron unhas festas tristes de máis, Nora.

NORA: Non me veñas outra vez con iso. Non foi culpa miña que o gato entrase e o estragase todo!

HELMER: Non, non foi, Nora. Miña pobre, o que conta é

que ti querías darnos a todos unha sorpresa e aledarnos as festas. Menos mal que pasaron os malos tempos.

NORA: É marabilloso, de verdade.

HELMER: Xa non teño que ficar aquí sentado e aburrido. E ti non tes que gastar os teus benditos ollos e estrañar as túas delicadas mans...

NORA: (*Aplaudes*) Non, Torvald, xa non teño que facer iso. Non sabes a alegría que me dá. (*Colle o seu brazo*) Agora vouche contar como penso amañar a casa. Cando remate o Nadal... (*Chaman á porta*) Vaia!, chaman á porta. (*Aparta un pouco os paquetes*) Parece que vén alguén. Que fastío!

HELMER: Lembra que non quero recibir visitas.

A DONCELA: (*Na porta do cuarto*) Señora, unha señora descoñecida...

NORA: (*Á doncela*) Ben, que pase.

A DONCELA: (*A Helmer*) E o señor doutor tamén chegou.

HELMER: Pasou ao meu despacho?

A DONCELA: Si, señor.

*Helmer entra no seu despacho. A doncela deixa pasar a señora Linde, que viste roupa de viaxe, e pecha a porta.*

SEÑORA LINDE: (*Tímida e un pouco indecisa*) Bo día, Nora.

NORA: (*Insegura*) Bo día...

SEÑORA LINDE: Non me recoñeces...

NORA: Non, non sei... Agarde, penso que si... (*Con entusiasmo*) Como? Kristina? Es ti, de verdade?

SEÑORA LINDE: Si, son eu.

NORA: Kristina! E eu sen recoñecerte! (*Máis lentamente*) Pero Kristina, canto cambiaches...

SEÑORA LINDE: E non ía cambiar... Hai nove... dez anos.

NORA: Puido pasar tanto tempo dende que non nos vemos? Pois si, en efecto. Sabes, estes oito anos foron tempos moi felices para min. Así que volves á cidade. Como é que fixeches esa viaxe tan longa en pleno inverno? Mira que tes valor.

SEÑORA LINDE: Acabo de chegar co vapor desta mañá.

NORA: Volves á casa polo Nadal, non é? Ai canto me alegre! Imos pasalo de marabilla. Pero saca a roupa de abrigo, por favor. Non terás frío? (*Axúdaa co abrigo*) Ben, sentemos aquí diante do lume. Non, mellor ven para a butaca, eu sento no mexedor. (*Colle as súas mans*) Agora recoñezo a túa faciana... só foi no primeiro momento que... Estás un pouco máis pálida, e pode que un pouco máis delgada.

SEÑORA LINDE: E moito, moito máis vella, Nora.

NORA: Si, pode que un pouco máis vella, un pouco, un chisco. (*Para de súpeto,ponse seria*) Estou fala que fala e non penso máis alá. Querida, queridísima Kristina, tes que perdoarme.

SEÑORA LINDE: Que queres dicir, Nora?

NORA: (*Amodo*) Miña pobre Kristina, quedaches viúva, non?

SEÑORA LINDE: Si, hai tres anos xa.

NORA: Si, Kristina, xa o sabía. Lino no xornal. Kristina, tes que crerme, pensei en escribirche unha carta nese

momento, pero funo deixando, sempre xurdía algo que conseguía adialo...

SEÑORA LINDE: Querida Nora, enténdoo.

NORA: Non, non estivo ben pola miña parte, Kristina. Ai pobre, todo o que tiveches que pasar... e non che deixou nada para vivir?

SEÑORA LINDE: Non.

NORA: Non tiveches fillos?

SEÑORA LINDE: Non.

NORA: Así que nada de nada?

SEÑORA LINDE: Nin sequera a saudade ou a morriña para lembrar.

NORA: (*Míraa incrédula*) Pero Kristina, como é posible?

SEÑORA LINDE: (*Sorri con tristura mentres aloumiña a cabeza de Nora*) Sonche cousas que ocorren ás veces, Nora.

NORA: Así que estás soa. Ten que ser moi triste para ti. Eu teño tres fillos preciosos. Agora mesmo non podo presentarchos porque están de paseo coa súa aia. Veña, cóntamo todo.

SEÑORA LINDE: Non, non, prefiro que me contes ti.

NORA: Non, tócache a ti. Hoxe non quero ser egoísta; só quero prestarche atención a ti e aos teus asuntos. Ben, unha cousa só... se soubeses a sorte que tivemos hai uns días.

SEÑORA LINDE: E logo, que pasou?

NORA: Imaxina, ao meu esposo nomeárono director do Banco Financeiro.

SEÑORA LINDE: Ao teu esposo? Vaia, que sorte para vós...

NORA: Si, moitísima. O oficio de avogado non dá seguridade na vida, sobre todo ao non querer levar asuntos pouco finos e elegantes. Torvald xamais quixo ocuparse de asuntos turbios, niso estamos de acordo. Ai, somos tan felices! Despois do Aninovo vai comezar a traballar e terá un soldo magnífico e moitos privilexios. Poderemos vivir dun xeito moi diferente de como o fixemos até agora... como nos apeteza. Ai, Kristina, síntome tan relaxada e con tanta sorte! É marabilloso ter moreas de cartos e non preocuparse polos gastos, non si?

SEÑORA LINDE: Si, en todo caso tamén debe de ser unha tranquilidade ter o imprescindible.

NORA: Non, non só o imprescindible, senón moitos, moitos cartos para gastar!

SEÑORA LINDE: (*Sorri*) Nora, Nora, aínda non che veu o sentidiño... Xa no colexio eras moi gastadora!

NORA: (*Sorri para si*) Si, iso é o que me di Torvald. (*Axita o dedo índice*) Pero a «Nora-Nora» non é tan tola como pensades. Amais, nestes anos non tivemos moito en que gastalo; ambos os dous vímonos na necesidade de traballar.

SEÑORA LINDE: Ti tamén?

NORA: Si, vaia... labores, costura, amaños, bordados... (*Sen darlle importancia*) e cousas así. Saberás que Torvald deixou a oficina cando casamos. Non tiña posibilidade de ascender, gañaba pouco e os cartos cumprían ben máis ca antes. O primeiro ano estaba abafado de traballo. Houbo de buscar outras ocupacións para que tivésemos dabondo, traballaba día e

noite. Pero non o aturou e caeu gravemente enfermo, así que, por prescrición médica, viuse na obriga de marchar ao sur para reporse.

SEÑORA LINDE: Certo, contáranme que pasaras todo un ano en Italia.

NORA: Así foi, pero non vaias pensar que nos resultou fácil marchar. Ivar naceu xusto nesas datas, pero non podíamos adiar a viaxe. Fora unha viaxe marabillosa! E salvou a vida de Torvald. Pero comprenderás, Kristina, que gastamos cartos de máis.

SEÑORA LINDE: Xa imaxino.

NORA: Unha morea de cartos. Gastamos miles e miles de coroas.

SEÑORA LINDE: Abofé que son moitos cartos, pero neses casos é unha sorte telos.

NORA: Si, pero en realidade foi cos cartos que o meu pai me dera.

SEÑORA LINDE: Vaia, que ben! Foi daquela tamén cando morrera o teu pai, non é?

NORA: Si, Kristina, fora neses días. E non puiden marchar á casa a coidar do meu propio pai. Xusto neses días estaba a piques de dar a luz o meu primeiro fillo, Ivar. E tamén tiven que coidar do meu home, pobriño, que estaba á morte. O meu querido pai, que foi tan bo! Xa non o vin máis. Foi o máis duro polo que pasei dende que casei.

SEÑORA LINDE: Xa sei o moito que o querías, pero que foi da viaxe a Italia?

NORA: Os médicos metíannos présa e marchamos un mes máis tarde cando xa tiñamos os cartos.

SEÑORA LINDE: E o teu esposo volveu curado da enfermidade.

NORA: Volveu, san coma unha mazá.

SEÑORA LINDE: Entón... ese médico?

NORA: De que médico falas?

SEÑORA LINDE: E logo a doncela non dixo que fora o doutor quen entrou comigo?

NORA: Ah, si!, foi o doutor Rank, pero non vén pasar visita. É o noso amigo máis íntimo e vén unha vez ao día polo menos. Non, Torvald non volveu estar enfermo nin só un día despois daquela. E os nenos están moi sans e eu tamén. *(Levanta da butaca de súpeto e aplaude)* Deus, meu Deus, é marabillosa estar viva e tan feliz! Pero son un ser abominable, só falo de min e das miñas cousas. *(Senta nun tallo e colle os xeonllos da señora Linde)* Por favor, non te anoxes comigo... e cóntame, de verdade é certo que non quixeches ao teu esposo? Daquela, por que casaches?

SEÑORA LINDE: Naquela época, a miña nai aínda vivía, pero estaba na cama e non podía valerse de seu. Amais, tiven que encargarme dos meus irmanciños. Así que pensei que non debería desaproveitar a súa proposición.

NORA: Tes razón, claro que non debías. E aínda tiña cartos, non si?

SEÑORA LINDE: Si, coido que gozaba de boa posición. Pero, Nora, foron negocios de moito risco e cando morreu non quedou nada.

NORA: E daquela?

SEÑORA LINDE: Tiven que tirar adiante traballando nunha

tenda e nun colexio e nas ocupacións que puideron atopar. Os derradeiros tres anos foron para min como un longo día de traballo. Agora xa rematou, Nora. A miña nai xa non me precisa porque finou e os meus irmáns atoparon traballo e poden valerse por eles mesmos.

NORA: Entón agora quedaches liberada!

SEÑORA LINDE: En realidade, as cousas non son así, só sinto que estou baleira. Xa non teño nada polo que vivir. (*Érguese, inqueda*) Por iso xa non podía aturar máis esa aldea perdida. Se cadra aquí poden atopar algunha cousa que me ocupe as mans e a mente. Se tivese a sorte de atopar un traballo, algo nunha oficina...

NORA: Non podes facer iso, Kristina, un traballo así esgota moito. Xa tes cara de estar cansa de máis. Máis ben deberías marchar a un balneario.

SEÑORA LINDE: Eu non teño un pai que me proporcione cartos para viaxar, Nora!

NORA: (*Érguese*) Veña, Kristina, non te enfades comigo!

SEÑORA LINDE: (*Vai cara a ela*) Non, Nora, es ti quen non debe enfadarse comigo. O peor desta situación é que me amarga a vida. Non paga a pena traballar e hai que estar a contar os cartos para que cheguen a fin de mes. Porque hai que seguir viva; e tamén te volves egoísta. Falaches hai un intre dun cambio favorable na vosa vida, será verdade iso? O certo é que me puxen contenta tanto por vós coma por min.

NORA: Por que dis iso? Xa vexo, agora entendo. Pensas que Torvald podería facer algo por ti.

SEÑORA LINDE: Así é, iso pensaba.

NORA: Farao, seguro. Déixamo a min, presentarei a túa causa tan ben... inventarei algunha cousa amable que agrade. Ai, gustaríame tanto poder axudarte...

SEÑORA LINDE: Es tan boa, Nora, por tomar tantas molestias por min. É máis admirable incluso, xa que non coñeces de verdade as dificultades e as penas da vida.

NORA: Eu? Quen non coñece?... Eu?

SEÑORA LINDE: (*Sorri*) Meu Deus, Nora, un pouco de costura e bordado, e labores do estilo... Es unha rapaciña, Nora.

NORA: (*Fai un aceno de orgullo ferido coa cabeza e cruza o escenario*) Non deberías falar-me con esa superioridade.

SEÑORA LINDE: E logo?

NORA: Ti es coma todos os demais. Pensades todos que non sirvo para nada serio...

SEÑORA LINDE: Tranquila...

NORA: ... que non padecín as dificultades deste mundo...

SEÑORA LINDE: Querida Nora, vés de contarme todas as adversidades polas que pasaches...

NORA: Nada, insignificancias. (*Máis amodo*) Pero non cheguei a contarche o máis importante.

SEÑORA LINDE: Importante? A que te refires?

NORA: Pensas que es superior a min, Kristina, pero non deberías, aínda que te sintas orgullosa de traballar tanto tempo e tan duro pola túa nai.

SEÑORA LINDE: Non me considero superior a ninguén, Nora. Pero, a verdade, é moi satisfactorio pensar que

conseguín que os últimos días da miña nai pasasen tranquilos, sen penas...

NORA: E tamén te sentes orgullosa de facer todo o que estivo nas túas mans polos teus irmáns.

SEÑORA LINDE: Creo que estou no meu dereito.

NORA: Tamén eu o creo. Pero sabes que, Kristina?, eu tamén teño dereito a sentirme orgullosa.

SEÑORA LINDE: Ninguén o cuestiona, pero que é iso tan importante do que falas?

NORA: Fala baixo! Torvald non pode sabelo! Non o pode saber por nada do mundo... ninguén pode sabelo! Ninguén, agás ti.

SEÑORA LINDE: Veña, de que se trata?

NORA: Ven aquí. (*Tira dela para que sente ao seu carón no sofá*) Verás, eu tamén teño de que sentirme orgullosa. Fun eu quen lle salvou a vida a Torvald.

SEÑORA LINDE: Salvar... que ti o salvaches?

NORA: Xa che contei o da viaxe a Italia. Se non fose por esa viaxe, Torvald non tería resistido.

SEÑORA LINDE: Xa me dixeches que foi o teu pai quen vos deu os cartos...

NORA: (*Sorri*) Si, iso é o que cre Torvald e todos os demais. Pero...

SEÑORA LINDE: Pero que?

NORA: Papá non nos deu un céntimo. Fun eu quen conseguí os cartos para viaxar.

SEÑORA LINDE: Ti... semellante suma de diñeiro?

NORA: Os miles e miles de coroas que fixeron falta. E agora que me dis?

SEÑORA LINDE: Pero como foi posible? Tocouche a lotaría?

NORA: (*Despectiva*) A lotaría! Tan simple non che foi!

SEÑORA LINDE: De onde os sacaches, daquela?

NORA: (*Cantaruxa e pon cara de misterio*) Hmm... lalalá!

SEÑORA LINDE: Non os pedirías empréstados?

NORA: E por que non?

SEÑORA LINDE: Porque unha muller casada non pode pedir prestado sen o consentimento do seu esposo.

NORA: Pode, pode... cando se trata dunha muller cabal... unha muller que sabe, vaia!

SEÑORA LINDE: Pero, Nora, non sei por onde vas...

NORA: Nin falta que che fai. Quen dixo que pedira os cartos prestados? Puiden conseguilos doutro xeito. (*Reclínase no sofá*) Se cadra os conseguín dalgún admirador. Cando se ten un aspecto tan sumamente atractivo coma o meu...

SEÑORA LINDE: Toleaches?

NORA: Morres de curiosidade, non é, Kristina?

SEÑORA LINDE: Escoita, miña querida Nora, non cres que a túa actuación foi pouca sensata?

NORA: (*Incorpórase no sofá*) Salvar a vida do teu home é pouco sensato?

SEÑORA LINDE: Eu vexo un desatino que non pedises o seu consentimento.

NORA: Pero o importante era que non soubese nada! Meu Deus, non o podes entender? Non podía deixar que soubese o perigo que corría. Eu só sabía que os médi-

cos me advertiran de que estaba a piques de perder a vida, que só o podía salvar unha estadía no sur. Sabes, primeiro pedínlllo para min. Conteille canto me gustaría facer unha viaxe ao estranxeiro como todas as demais esposas novas, chorei e roguei, díxenlle que fixese o favor de lembrar as miñas circunstancias e que tivese a bondade de facer caso dos meus antollos, e entón suxerín que xa que tiña a posibilidade de pedir un empréstito... Pero enfureceuse; díxome que era unha frívola e que se sentía no deber moral de non ceder ante os meus caprichos e tolemias... iso foi o que conseguín del. Así que pensei «teño que salvar-te», e sen máis fixen o que tiña que facer.

SEÑORA LINDE: E nunca soubo polo teu pai que el non che dera os cartos?

NORA: Non, xamais. Papá morreu ese mesmo día. Pensara en contarlle e pedirlle que non lle dixera nada a Torvald, pero ao estar tan enfermo, non foi necesario; por desgraza!

SEÑORA LINDE: E nunca quixeches revelarlle o teu segredo ao teu esposo?

NORA: Non, líbreme Deus!, como podes nin sequera pensalo? Torvald, que é tan severo cando se trata desas cousas! E amais, el co seu orgullo masculino, sentiríase humillado e agraviado ao saber que ten unha débeda comigo. A nosa relación cambiaría... a felicidade do noso fermoso fogar esvaeríase.

SEÑORA LINDE: E non pensas contarlle xamais?

NORA: *(Con medio sorriso, pensativa)* Si, talvez... cando deixe de ser tan fermosa. Non rías! Quero dicir nun futuro, cando Torvald xa non me queira como agora, cando xa non lle faga graza que baile para el e me dis-

frace e me guste enredar. Entón viríame ben ter algo gardado na recámara. *(Cambia de actitude)* Fóra, fóra! Ese día non ha chegar. Ben, que opinas deste gran segredo, Kristina? A que eu tamén sirvo para algo? Amais este asunto supúxome unha chea de crebadeiros de cabeza. Abofé que non foi nada doado cumprir con todas as obrigas e prazos. No mundo dos negocios existen os chamados xuros e amortizacións cuadrimestrais; é ben difícil atopar cartos para os pagamentos. Así que tiven que ir aforrando de aquí e de acolá. Dos cartos para a casa non puiden raspiñar nada porque a Torvald lle gusta vivir con comodidade. Tampouco podía deixar que os nenos fosen mal vestidos, así que todo o que me daba para eles só podía ir destinado a ese fin. Os meus queridos pequenos!

SEÑORA LINDE: Así que tiveches que rabuñar do teu, miña pobre!

NORA: Así foi, era o único que podía facer. Cada vez que Torvald me daba cartos para unha saia nova ou algo así non usaba máis ca a metade, e mercaba sempre roupa accesible a bo prezo. É unha sorte que todo me sente ben, Torvald nunca se decatou. Non obstante, é agradable levar boa roupa, non cres? De feito, andaba algo tristeira.

SEÑORA LINDE: Sen dúbida.

NORA: Tamén tiven outras fontes de ingresos. O inverno pasado tiven a sorte de que me desen traballos escritos para pasar a limpo. Así que me pechaba nun cuarto e pasaba as noites escribindo. Se soubeses o cansa que estaba ás veces! Pero ao mesmo tempo non me desagradaba estar traballando e gañando cartos. Parecíame case coma se eu fose o home!

SEÑORA LINDE: Pero canto amortizaches?

NORA: Pois non sabería dicirche moi ben. Sonche cousas de negocios que non é doado lembrar. Eu só sei que paguei todo o que dei rabuñado. Dubidei ás veces de como facelo. *(Sorri)* Entón imaxinaba que un velliño moi rico namorara de min...

SEÑORA LINDE: Que dis? Que velliño?

NORA: Pois calquera... que morrera e que cando leron o seu testamento atoparon que tiña escrito con grandes letras «**TODOS OS MEUS CARTOS DEBEN SER ENTREGADOS DECONTADO Á AMABILÍSIMA E GRACIOSÍSIMA SEÑORA NORA HELMER**».

SEÑORA LINDE: Pero quen é ese señor?

NORA: Non sexas parva... ese señor non existe. É un cabaleiro que inventei cando matinaba como podería atopar cartos para pagar as miñas débedas. Pero agora tanto ten: por min, o velliño ese pode ficar onde queira, que agora non teño máis problemas e podo facer o que me praza. *(Levanta)* Meu Deus, Kristina, só pensalo é marabilloso. Sen problemas! Poderei xogar e brincar cos nenos, ter a casa preciosa e ben amañada, todo tal e como lle gusta a Torvald! E non tardará en vir a primavera cos seus ceos azuis! Poderemos viaxar un pouco. Gustaríame ver o mar outra vez. Non é fermosísimo vivir e ser feliz?

*Soa a campá na porta da entrada.*

SEÑORA LINDE: Chaman... sería mellor que marchase.

NORA: Non, non marches. Non virá ninguén, debe de ser para Torvald.

A DONCELA: *(Dende a porta do salón)* Perdoe, señora, hai un cabaleiro que quere falar co señor avogado.

NORA: Co señor director do Banco Financeiro, quererás dicir.

A DONCELA: Si, co señor director, pero como o señor doutor está con el...

NORA: Quen é ese señor?

PROCURADOR KROGSTAD: *(Asoma pola porta)* Son eu, señora.

*A señora Linde, asustada, xira cara á fiestra.*

NORA: *(Achégase a el tensa, en voz baixa)* Vostede? Que pasa? Que quere falar co meu esposo?

KROGSTAD: Asuntos do banco, por así dicilo. Teño un emprego modesto no banco, e como teño entendido que o seu esposo vai ser o noso xefe...

NORA: Entón?

KROGSTAD: Máis nada... negocios, señora; non veño por outro asunto...

NORA: Entón faga o favor de ir pola porta do despacho. *(Despídeo con indiferenza, pecha a porta. Vai cara á estufa e ocúpase do lume)*

SEÑORA LINDE: Nora, quen é ese home?

NORA: É o procurador Krogstad.

SEÑORA LINDE: Entón foi el de verdade.

NORA: Ti coñeces ese home?

SEÑORA LINDE: Coñecino... hai uns anos. Foi o pasante de procurador na aldea onde vivín algún tempo.

NORA: Si, agora lembro.

SEÑORA LINDE: Está moi cambiado.

NORA: Creo que o seu matrimonio foi moi desgraciado.

SEÑORA LINDE: Pero agora é solteiro.

NORA: Si, e con moitos fillos. Vaia, agora queima! (*Pecha a porta da estufa e tira do mexedor cara atrás*)

SEÑORA LINDE: Leva toda clase de negocios, segundo din.

NORA: Iso din? Pois pode ser, non cho sei. Pero non imos pensar máis en negocios, sonche tan aburridos!

*O doutor Rank entra pola porta do despacho de Helmer.*

RANK: (*Aínda coa porta aberta, cara a Torvald*) Non, non quero molestar. Aproveito a ocasión para saudar á túa esposa. (*Pecha a porta, e decátase da presenza da señora Linde*) Vaia, parece que importuno aquí tamén.

NORA: Non, de ningún xeito. (*Fai as presentacións*) Doutor Rank, a señora Linde.

RANK: Xa escoitara o seu nome máis veces. Paréceme que a pasei nas escaleiras<sup>3</sup> antes.

SEÑORA LINDE: Si, eu subo moi amodo; non levo moi ben as escaleiras.

RANK: Algo de debilidade, parece...

SEÑORA LINDE: Non creo, só fatiga...

RANK: Máis nada? Daquela, está na cidade para pasar as festas do Nadal.

SEÑORA LINDE: Vin para atopar un traballo.

RANK: Non hai dúbida de que é un remedio probado contra o cansazo!

<sup>3</sup> Os Helmer viven nun piso de cidade, por iso as visitas soben e baixan as escaleiras do edificio para entraren e saíren.

SEÑORA LINDE: Hai que sobrevivir, señor doutor.

RANK: Si, na opinión xeral, vivir é algo moi necesario.

NORA: E sabe, señor doutor Rank, incluso os enfermos queren vivir.

RANK: Claro, e eu tamén. Aínda que non estou ben, preferiré seguir sufrindo todo o que poida. Todos os meus pacientes son iguais. E pasa o mesmo cos que teñen algunha enfermidade de índole moral. Agora mesmo temos un destes doentes morais no despacho de Helmer.

SEÑORA LINDE: (*Polo baixo*) Ah, vaia...

NORA: A quen se refire?

RANK: Trátase dun tal procurador Krogstad. Vostede non o coñece. Ten unha enfermidade que radica na natureza da súa personalidade, señora. E tamén o escoitei falar do importantísimo que é continuar vivindo.

NORA: Vaia. E de que quería falar con Torvald?

RANK: Non teño nin idea... só escoitei algo sobre o Banco Financeiro.

NORA: Non sabía que este Krog... que este procurador Krogstad tivese algo que ver co Banco Financeiro.

RANK: Pois é que lle concederon algo así coma un cargo. (*Á señora Linde*) Non sei se alá onde vive vostede tamén existe ese tipo de homes que se afanan en andar á caza de persoas con podremia moral para metelos no hospital en observación ou calquera outra situación favorable. Mentres os sans teñen que aguantarse porque teñen denegada a admisión.

SEÑORA LINDE: Estará de acordo en que os enfermos son

os que máis necesidade teñen de seren admitidos no hospital.

RANK: (*Encollendo os ombros*) Tal e como vostede vén de dicir, esa é a opinión que transforma a sociedade nunha enfermaría.

*Nora, nos seus propios pensamentos; de súpeto ri polo baixiño e aplaude.*

RANK: Que é o que a fai rir? Sabe por casualidade que é a sociedade?

NORA: A sociedade impórtame pouco, doutor! Ría por algo gracioso de verdade. Dígame, doutor Rank, todos os que agora desempeñan un posto no Banco Financieiro, son subordinados de Torvald?

RANK: E iso é o que atopa tan sumamente gracioso?

NORA: (*Sorri e cantaruxa*) Xa o creo! Xa o creo! (*Dá unhas voltas polo cuarto*) É ben divertida a idea de que nós... de que Torvald vaia ter influencia sobre a vida de tantas persoas. (*Saca a bolsiña do peto*) Doutor Rank, apetécelle un amendoado?

RANK: Vaia, vaia, amendoados. Pensaba que os amendoados estaban prohibidos nesta casa.

NORA: Si, pero estes amendoados regaloumos Kristina.

SEÑORA LINDE: (*Asustada*) Que? Eu...

NORA: Non te asustes. Ti non podías saber que Torvald ten prohibida a entrada de amendoados. É que teme que se me poñan mal os dentes, entendes? Por unha vez non pasa nada... Está de acordo, doutor Rank? Que aproveite! (*Mételle un na boca*) E ti, Kristina, tamén comerás un. E eu tamén. (*Móvese polo cuarto*) Síntome máis contenta ca nunca! Só hai unha cousa no mundo que me gustaría moitísimo conseguir.

RANK: E que podería ser?

NORA: É algo que teño moita gana de que o escoite Torvald.

RANK: E por que se reprime?

NORA: Non me atrevo porque é unha cousa demasiado mala.

SEÑORA LINDE: Mala?

RANK: Se é mala non é aconsellable que o diga. Pero aquí entre nós, ben pode... Que é o que ten tanta gana de contarlle?

NORA: Así me coma o demo! (*reprime un berro*)

RANK: Perdeu o sentido?

SEÑORA LINDE: Meu Deus, Nora!

RANK: Pode dicirullo. Aquí vén.

NORA: (*Esconde os amendoados*) Chist! Nin media!...

*Helmer, co abrigo e o sombreiro na man, sae do seu despacho.*

NORA: Torvald, querido, xa te desfixeches del?

HELMER: Si, xa marchou.

NORA: Quero presentarte... É Kristina, que volveu á cidade.

HELMER: Kristina, terá<sup>4</sup> que perdoar, non lembro...

NORA: A señora Linde, Torvald, querido... a señora Kristina Linde...

<sup>4</sup> No orixinal en noruegués soamente se tratan de «ti» entre Nora e Helmer, Nora e Kristina, e Helmer e o doutor Rank; incluso nas situacións máis íntimas se falan de «vostede» e así o trasladamos nesta tradución.

HELMER: Ben, supoño que é vostede unha amiga da infancia da miña muller.

SEÑORA LINDE: Si, coñecémonos dende hai algúns anos.

NORA: E tes que saber que fixo toda esa longa viaxe só para falar contigo.

HELMER: E logo?

SEÑORA LINDE: En realidade, non só...

NORA: Kristina é unha boísimá administrativa, pero sempre quixo traballar baixo a dirección dun home experto para aprender máis do que xa sabe.

HELMER: Moi boa idea, señora.

NORA: E agora que soubo que ti vas ser o director do banco, na aldea recibiron un telegrama coa información, veu á cidade sen demora para... Verdade Torvald que podes facer algo por ela... por min. Que me dis?

HELMER: Pois imposible non é. Supoño que é vostede viúva.

SEÑORA LINDE: Son.

HELMER: E ten experiencia nas tarefas dunha oficina.

SEÑORA LINDE: Teño e bastante.

HELMER: Ben, entón é probable que poida ofrecerlle un posto.

NORA: *(Aplaudes)* Ves, ves!

HELMER: Aparece vostede no momento idóneo.

SEÑORA LINDE: Como podería agradecerlle?...

HELMER: Non é necesario. *(Pon o abrigo)* Pero agora ten que perdoarme...

RANK: Agarda, marchó contigo. *(Vai buscar o seu abrigo e esténdeo diante do lume)*

NORA: Non tardes moito en volver.

HELMER: Será unha hora, máis nada.

NORA: E ti, Kristina, marchas tamén?

SEÑORA LINDE: *(Pon o abrigo)* Si, agora teño que marchar a buscar aloxamento.

HELMER: Imos xuntos entón deica o centro.

NORA: *(Axudándoa a pór o abrigo)* Sinto tanto que teñamos tan pouco espazo... non podo ofrecerche...

SEÑORA LINDE: Nin falar diso. Miña querida Nora, adeus e grazas por todo.

NORA: Máis ben deica logo, non? Porque esta noite cearár connosco. E vostede tamén doutor Rank. *(Dirixíndose a el)* Se llo permite a súa saúde. Abofé que si; só ten que protexerse ben do frío.

*Todos marchan cara á porta, falando animadamente. Escóitanse voces de nenos do outro lado da porta.*

NORA: Xa están aquí! Xa están de volta!

*Corre deica a porta para abrila. Entra a aia Ani cos nenos.*

NORA: Adiante, adiante. *(Inclínase e bica os nenos)* Ai, meus fillos queridos! Míraos ben, Kristina, non son preciosos?

RANK: Marchamos xa, vai moito frío e hai corrente...

HELMER: Veña, señora Linde, esta situación non é soportable para ninguén que non sexa nai.

*O doutor Rank, Helmer e a señora Linde baixan as escaleiras. Ani e os nenos entran na sala. Nora tamén e pecha a porta da sala.*

NORA: Hai que ver as caras de saúde que traen. Mirade esas fazulas rosadas como mazás e rosas! *(Os nenos falan todos á vez mentres dura a intervención de Nora)* Así que o pasastes moi ben. Estupendo! E ti, Ivar, tiraches da zorra de neve con Emmy e con Bob? Os dous ao mesmo tempo? Si, Ivar, es un rapaz moi forte. Non, déixeme que a colla no colo, Ani. A miña boneca preciosa! *(Colle o bebé dos brazos da aia e dá uns pasos de baile)* Si, si, mamá tamén vai bailar con Bob. Que dis? Fixeches unha guerra de bólas de neve? Vaia, tiña que estar alí. Non, non o faga, Ani, deixe que eu lles quite a roupa. É tan divertido. Vaia para á cociña, ten cara de moito frío; hai café quente na estufa.

*A aia sae da sala pola porta da esquerda. Nora quíttalles a roupa aos nenos; tíraa polo chan. Deixa que os nenos conten as súas historias todos á vez.*

NORA: Ah si?, un can grandísimo que vos seguía? Pero non vos trabou, non si? Os cans non traban as bonequiñas preciosas. Ivar, non abras os paquetes! Que qué hai dentro? Aposto a que che gustaría sabelo... Non, non, son trapalladas... Xogamos? A que xogamos? Ás agachadas? Si, xoguemos a agocharnos. Bob agocharase primeiro. Que me agoche eu? Vale, eu primeira...

*Ela e os nenos xogan entre gran xúbilo e risas na sala e no cuarto da dereita. Finalmente Nora agóchase debaixo da mesa; os nenos entran correndo, buscan por todo o cuarto; non a atopan; escoitan como*

*ri polo baixo, corren deica a mesa, levantan o tapete e atópana. Gargalladas. Sae facendo coma se quixese pórilles medo. Máis xúbilo. Entremetres, alguén peta na porta da sala. Ninguén fai caso. A porta ábrese a medias. Ninguén se decata. Vese a figura do procurador Krogstad. Agarda un intre. Os xogos continúan.*

KROGSTAD: Ten que perdoar, señora Helmer.

NORA: *(Afoga un berro; dá a volta e corre deica o centro do cuarto)* Que! Que desexa vostede?

KROGSTAD: Rogo me desculpe; a porta estaba entreaberta, esqueceron pechala.

NORA: *(Levanta a cabeza)* O meu esposo non está na casa, señor Krogstad.

KROGSTAD: Xa o sei.

NORA: Daquela, que quere?

KROGSTAD: Quero falar con vostede un intre.

NORA: Comigo? *(Suavemente, aos nenos)* Ide con Ani. Non, este señor non quere facerlle ningún mal a mamá. Cando marche, habemos xogar outra vez. *(Leva os nenos ao cuarto da esquerda e pecha a porta)*

NORA: *(Inqueda, tensa)* Quere falar comigo?

KROGSTAD: Si, iso quero.

NORA: Pero aínda non estamos a primeiro de mes.

KROGSTAD: Non, hoxe é Noiteboa. E de vostede depende pasar un bo Nadal ou non.

NORA: Que é o que quere? Hoxe non me é posible...

KROGSTAD: Polo de agora non falaremos diso. Veño por outro asunto. Ten un momentíño, non si?

NORA: Ben, vaia, teño, aínda que...

KROGSTAD: Ben, estaba no café de Olsen cando vin pasar o seu esposo pola rúa...

NORA: E logo?

KROGSTAD: ... cunha muller.

NORA: E iso que ten?

KROGSTAD: Permítame que lle pregunte se esa muller é a señora Linde.

NORA: En efecto.

KROGSTAD: Acabada de chegar á vila?

NORA: Si, hoxe.

KROGSTAD: Ela e vostede son boas amigas?

NORA: Si, pero non entendo...

KROGSTAD: Eu coñecina hai tempo.

NORA: Iso xa o sei.

KROGSTAD: Así que sabe. Xa me figuraba. Ben, entón preguntareillo directamente: a señora Linde vai ter un posto no banco?

NORA: Non lle permito, señor Krogstad, que me interroque. Vostede é un dos subordinados do meu esposo. Pero xa que mo pregunta, señor Krogstad, direillo. A señora Linde terá un posto no banco. E déixeme aclararlle que fun eu quen intercedeu para que iso vaia ser así.

KROGSTAD: Así que é certo o que me figuraba.

NORA: *(Vai dun lado ao outro)* É que como pode supor algunhas temos certa influencia. Non pense que por

ser muller quere dicir que necesariamente... Cando un se atopa nunha posición de subordinación, señor Krogstad, hai que ter moito ollo para non amolar a alguén que...

KROGSTAD: ... que ten influencia.

NORA: Iso mesmo.

KROGSTAD: *(Cambia de ton)* Señora Helmer, non lle importará ter a bondade de utilizar a súa influencia no meu favor?

NORA: Que quere dicir? Que quere agora?

KROGSTAD: Quero que teña a bondade de usar a súa influencia para asegurar que poida manter o meu posto de subordinado no banco.

NORA: E iso que significa? Quen pensa quitarlle o seu posto no banco?

KROGSTAD: Non faga a sueca comigo, señora Helmer. Sei moi ben que á súa amiga non lle gustaría cruzarse comigo. Tamén sei a quen teño que agradecerlle que queiran cesarme.

NORA: Asegúrolle que...

KROGSTAD: Si, si, si. Xa non digo máis nada. Aínda estamos a tempo e suxírolle que faga uso da súa influencia para evitalo.

NORA: Pero, señor Krogstad, se eu non teño ningunha influencia.

KROGSTAD: Que non? Pareceume escoitarlle outra cousa hai un momentíño.

NORA: Naturalmente eu non quixen dicir iso. É inconcibible pensar que eu teño esa influencia sobre o meu esposo.

KROGSTAD: Vaia, eu coñezo o seu esposo dende os nosos días de estudantes. Non creo que o señor director sexa máis firme coa súa dona ca outros maridos.

NORA: Se fala dese xeito do meu esposo, véxome na obriga de pedirlle que marche.

KROGSTAD: É vostede moi valente, señora.

NORA: Xa non lle teño medo. Cando pase o Aninovo xa non terei nada que ver con vostede.

KROGSTAD: (*Contido*) Atenda, señora. Se é necesario, estou disposto a loitar todo o que estea nas miñas mans polo meu humilde posto no banco.

NORA: Si, non o dubido.

KROGSTAD: Non é só polos ingresos, iso é o de menos. Trátase doutra cousa... Ben, explicareillo. Vostede sabe tan ben coma os demais que hai uns anos come-tín unha imprudencia.

NORA: Penso que algo diso escoitei.

KROGSTAD: Non me levaron perante a xustiza, pero dende esa teño todas as portas pechadas. Así que me metín nos negocios que vostede xa coñece. Algunha cousa tiña que facer e atreveríame a dicir que eu non son dos peores. Pero agora quero deixar todo atrás. Os meus fillos medran: por eles teño que conseguir cartos e recuperar a miña reputación. O posto no banco foi como o primeiro paso adiante. E se o seu esposo me bota, recuarei de novo.

NORA: Por Deus!, señor Krogstad, non está no meu poder axudalo.

KROGSTAD: Non o fai porque non quere. Pero eu teño medios para obrigala a que queira.

NORA: Non lle irá contar ao meu esposo que teño unha débeda con vostede?

KROGSTAD: E se llo contase?

NORA: Vergoña debería darlle... (*A piques de chorar*) O meu segredo, o meu orgullo e a miña felicidade, vaino saber dun xeito desprezable e rastreiro... vai sabelo por vostede. Vaime causar moitos desgustos.

KROGSTAD: Só desgustos?

NORA: (*Con enfado*) É que non vou ter máis ca iso... vai ser peor para vostede porque cando o meu esposo saíba a clase de persoa que é vostede, ha botalo do traballo decontado.

KROGSTAD: Díxenllo porque parece que vostede só teme molestias domésticas, non é?

NORA: Se o meu home o soubese, pagaría o que lle debemos sen máis. Despois non teríamos máis tratos con vostede.

KROGSTAD: (*Dá un paso cara a Nora*) Atenda, señora Helmer. Ou non ten moi boa memoria ou lle faltan coñecementos de como se fan os negocios. Terei que darlle un pouco máis de información.

NORA: E logo?

KROGSTAD: Cando o seu esposo estivo enfermo, vostede veu onda min para que lle prestase unha gran suma de cartos.

NORA: Non tiven elección.

KROGSTAD: E eu prometínlle que ía atopar esa suma.

NORA: E fíxoo.

KROGSTAD: Fixen, pero púxenlle algunhas condicións.

Nese momento vostede estaba tan ocupada coa doenza do seu esposo e devecía tanto por conseguir os cartos para a viaxe que non pensou nos detalles deste negocio. Por iso é relevante que llo lembre. Ben, eu prome-tín atopar os cartos contra un recibo que eu mesmo redactei.

NORA: Si, e eu asineino.

KROGSTAD: De acordo nisto, pero debaixo eu engadín unhas liñas, nas que indicaba que o seu pai tiña que asinar debaixo como aval do empréstito.

NORA: Tiña que asinar... E asinou.

KROGSTAD: Puxen a data da sinatura en branco, para que o seu pai indicase en que día asinou. Lembra vostede que foi así?

NORA: Si, coido que si.

KROGSTAD: Entón entregueille o documento, señora, para que o mandase por correo ao seu pai.

NORA: Así foi.

KROGSTAD: Así foi, porque uns días máis tarde, catro ou cinco días, vostede tróuxome o documento de volta coa sinatura do seu pai. E cobrou os cartos.

NORA: Claro!, e non lle fun aboando os prazos como se estipulara?

KROGSTAD: Si, máis ou menos, pero volvamos a aquel momento, non é certo que foron uns días moi duros para vostede?

NORA: Foron, si.

KROGSTAD: O seu pai estivo moi enfermo, non si?

NORA: Estivo.

KROGSTAD: E morreu de alí a uns días?

NORA: Morreu.

KROGSTAD: Dígame, señora Helmer, lembra por casualidade o día da morte do seu pai? O día do mes, quero dicir.

NORA: Papá morreu o día 29 de setembro.

KROGSTAD: Así foi, xa me ocupei de sabelo. Por iso hai unha cousa moi rara, que non me podo explicar. (*Saca unha folla de papel*)

NORA: De que cousa rara fala? Non entendo...

KROGSTAD: É moi raro, señora, que o seu pai asinase o documento tres días despois da súa morte.

NORA: Non lle entendo nada.

KROGSTAD: O seu pai morreu o día 29 de setembro, pero o documento leva a data do 2 de outubro. Non lle parece raro, señora?

*Nora cala.*

KROGSTAD: Pode vostede darme unha explicación?

*Nora segue calada.*

KROGSTAD: Chama tamén a atención que a data 2 de outubro e o ano non están escritos pola man do seu pai, senón cunha escritura que a min me parece recoñecer. Ben, podería ter unha explicación: o seu pai puido esquecer pór a data e alguén a puxo daquela maneira máis tarde, antes de que se soubese a data do falecemento. Niso non hai nada malo. O que importa aquí é a sinatura. É auténtica, non é? Señora Helmer, de verdade foi o seu pai quen asinou aquí?

NORA: *(Cala un intre, despois levanta a cabeza e fai un movemento de rebeldía)* Non, non asinou. Fun eu quen asinou o documento co nome do meu pai.

KROGSTAD: Atenda, señora... vostede é consciente da gravidade desta afirmación?

NORA: E por que? En pouco máis de dous días vostede terá os seus cartos.

KROGSTAD: Teño que preguntarlle por que razón non lle mandou o documento ao seu pai?

NORA: Non foi posible, xa que daquela estaba ao pé da morte. Se lle pedise a súa sinatura, tamén tería que contarlle para que precisaba eses cartos. E como ía contarlle, cando estaba tan mal, que perigaba a vida do meu esposo?

KROGSTAD: Entón o que tiña que facer era renunciar á viaxe.

NORA: Iso era imposible. Esa viaxe foi para salvar a vida do meu esposo. Non podía renunciar.

KROGSTAD: Pero non se lle ocorreu pensar que me estaba a enganar?

NORA: Iso tanto me tiña. Vostede a min non me importa nada. Non podía soportar que inventase tantos impedimentos para obstaculizalo todo, a pesar de saber o perigo que corría o meu esposo.

KROGSTAD: Señora Helmer, é obvio que vostede non ten unha idea clara da gravidade dos seus actos. Pero eu pódolle dicir que non foi nin máis grave nin máis ilegal ca o que fixen eu, e que botou abaixo a miña reputación.

NORA: Vostede? Vostede quere facerme crer que o que

fixo vostede foi un acto valente coa intención de salvar a súa esposa?

KROGSTAD: As leis non teñen en conta as razóns dos actos.

NORA: Entón son unhas leis moi malas.

KROGSTAD: Malas ou non... se eu presento este documento ante o xuíz, a vostede sentenciarana esas leis.

NORA: Non o creo. Seica unha filla non ten dereito a evitar que o seu vello pai doente sufra e se inquede? E unha muller non ten dereito a salvar o seu esposo da morte? Non coñezo moi ben as leis, pero estou segura de que en algures hai un parágrafo que di que está permitido. E vostede, que é procurador, non o sabe? É vostede moi mal avogado, señor Krogstad.

KROGSTAD: Pode ser. Pero dos negocios... negocios coma os que temos entre mans vostede e mais eu... deses saberá vostede que entendo. Ben, vostede fará o que queira, pero ten que saber que se a min me botan outra vez, vostede vai vir detrás. *(Despídese e marcha)*

NORA: *(Pensativa, despois fai un aceno despectivo)* Que máis dá! O que quería era meterme medo. Tan parva non son! *(Recolle a roupa dos nenos; déixao deseguida)* Pero... pero non é posible... se o fixen por amor!

OS NENOS: *(Entran pola porta da esquerda)* Mamá, un home que non sabemos quen é saíu pola porta.

NORA: Xa o sei. Pero non debedes falar con ninguén dese home. Atendédeme! Con papá tampouco.

OS NENOS: Non, mamá. Xogamos agora?

NORA: Non, non, agora non.

OS NENOS: Pero prometíchelo.

NORA: Si, pero agora non podo. Marchade, teño moito que facer. Marchade, rapaces. (*Convénceos docemente, saen pola porta da esquerda e pecha*)

*Nora senta no sofá, colle o pano que está a bordar, pasa a agulla un par de veces e para.*

NORA: Non! (*Tira o pano, levanta, e berra pola porta de entrada*) Lena! Traia a árbore! (*Marcha á mesa e abre o caixón. Queda parada*) Pero non pode ser!

A DONCELA: (*Coa árbore de Nadal*) Onde quere que lla deixe, señora?

NORA: Aquí, no medio.

A DONCELA: Faille falta algunha outra cousa?

NORA: Non, grazas, teño todo o que preciso.

*A doncela deixa a árbore no medio da sala e marcha.*

NORA: (*Adorna a árbore de Nadal*) Aquí poño unhas candeas... e aquí estes adornos. Que home tan noxento! Palabras, palabras, palabras... Pero non mo vai impedir. A árbore de Nadal vai quedar preciosa. Farei todo o que che gusta, Torvald, cantarei, bailarei...

*Helmer, cun feixe de papeis na man, entra da rúa.*

NORA: Xa estás aquí?

HELMER: Si... tiveches visita?

NORA: Non, ninguén...

HELMER: Que raro... Pareceume que o señor Krogstad saíra do portal.

NORA: Vichelo... É certo, estivo aquí hai un intre.

HELMER: Nora, podo velo na túa cara. Estivo aquí a pedirche que falases no seu favor.

NORA: Si.

HELMER: E dixo que o tiñas que facer coma se fose idea túa. Que non me dixeses que el cho pedira. Non che dixo iso tamén?

NORA: Si, Torvald, pero...

HELMER: Nora, Nora, como se che puido ocorrer? Falar cun home desa catadura e ademais prometerlle algo... E, por se fose pouco, contarme a min unha mentira.

NORA: Unha mentira?

HELMER: Si, non me dixeches que aquí non estivera ninguén? (*Levanta o dedo índice*) A miña rula cantareira non debe facer estas cousas. Un paxariño cando canta ha de ter o peteiro limpiño. Nada de notas falsas. (*Rodéaa pola cintura co brazo*) Non é así como debe ser? Xa, xa o sabía. (*Sóltaa*) E non falaremos máis diso. (*Senta diante do lume*) Ai, fai unha caloríña tan agradable. (*Move un pouco as follas que leva na man*)

NORA: (*Ocúpase da árbore de Nadal, despois dun intre*) Torvald...

HELMER: Si.

NORA: Estou tan ilusionada co baile de máscaras na casa dos Stenborg o día despois de Nadal!

HELMER: E eu teño tanta curiosidade por saber con que me pensas sorprenden.

NORA: Ai, éche unha bobada...

HELMER: E logo?

NORA: Non se me ocorre nada. Todo o que fago resulta tan simple, ten tan pouca graza...

HELMER: Así que a miña Noriña chegou finalmente a esa conclusión.

NORA: *(Detrás del, pon as mans no respaldo da cadeira)*  
Tes moito que facer, Torvald?

HELMER: E...

NORA: Que son eses papeis?

HELMER: Asuntos do banco.

NORA: Xa?

HELMER: Pedinlle autorización ao consello saínte para facer os cambios necesarios no cadro de persoal e no plan de negocios. Teño que traballar niso durante a semana do Nadal. Quero telo todo preparado para o Aninovo.

NORA: E foi por iso que o pobre señor Krogstad...

HELMER: Hmmm.

NORA: *(Apóiasse na parte traseira da cadeira e fala coa boca na súa caluga)* Se non tiveses tantísimas cousas que facer, eu pediríache un favor grandísimo.

HELMER: Fala claro. Que é o que queres?

NORA: É que ninguén ten un gusto tan fino e tan elegante coma ti. Poderías botarme unha man e decidir por min de que me podería disfrazar e como debería facer o meu traxe.

HELMER: Ah, agora a miña muller tan decidida quere atopar un conselleiro...

NORA: Si, Torvald, sen a túa axuda non sei que faría.

HELMER: Ben, ben, pensarei algo. Xa atoparemos algunha solución.

NORA: Es tan bo... *(Marcha cara á árbore. Cala un intre)* Os adornos vermellos resultan tan fermosos na árbore. Pero dime, é realmente tan malo o que fixo ese Krogstad?

HELMER: Asinou en falso. Tes idea do que quere dicir iso?

NORA: Non puido facelo porque as circunstancias o forzaran?

HELMER: Si, ou como tantos outros, por irresponsabilidade. Non son tan inflexible como para condenar a unha persoa só por un paso en falso.

NORA: Non, verdade que non, Torvald.

HELMER: Moitos son capaces de sobreporse se confesan o seu pecado e sofren o seu castigo.

NORA: Castigo?

HELMER: Si, castigo, pero o señor Krogstad non foi por ese camiño. Botou man de toda clase de intrigas e trucos. Iso é o que o levou á destrución moral.

NORA: Pensas que xa non pode?...

HELMER: Imaxina como ten que mentir e finxir un home así; ten que levar unha máscara diante da súa familia e mesmo diante da súa muller e fillos. E iso dos nenos, iso é o máis espantoso, Nora, os fillos...

NORA: E por que?

HELMER: Porque o fedor a mentiras infesta e transmite enfermidades no propio fogar. Cada vez que o respiran os nenos no fogar, étranlles as miasmas da maldade.

NORA: *(Preto del, ás súas costas)* É certo iso?

HELMER: Ai, miña querida, seino polo meu oficio de avogado. Todas as persoas corruptas dende a infancia tiveron nais mentireiras.

NORA: E por que precisamente as nais?

HELMER: Transmítese con máis frecuencia polas nais. Pero os pais tamén teñen moito que ver; iso sábeo calquera con experiencia na avogacía. E ese Krogstad leva anos pasándolles aos seus fillos a infección da mentira e a hipocrisía no seu fogar. É por iso que falo del como un caso de destrución moral. *(Estende as mans cara a Nora)* Por iso a miña deliciosa Noriña debe deixar de pensar en falar no seu favor. Dáme a túa man. Que, que che ocorre? Dáme a man, muller! Ben, ben. Entón estamos de acordo. Asegúrocho, non podería traballar con el. Síntome literal e fisicamente enfermo na presenza de homes coma el.

NORA: *(Retira a súa man e marcha cara á árbore)* Vai moita calor. E teño tantas cousas que facer.

HELMER: *(Levanta e recolle os seus papeis)* Eu tamén teño que pensar en repasar estes documentos antes da cea. Pensarei tamén no teu traxe para o baile de máscaras. E prepararei uns cartos envoltos en papel dourado para a árbore. *(Aloumiña a cabeza de Nora)* Es a miña bendita rula cantareira. *(Entra no seu despacho e pecha a porta)*

NORA: *(A modo, despois dun silencio)* Pero?... Non pode ser verdade. É imposible. Non pode ser posible.

A AIA: *(Asoma pola porta da esquerda)* Señora, os nenos queren entrar para estar con vostede.

NORA: Non, non, que non entren. Que queden con vostede, Ani.

A AIA: Si, señora, como guste. *(Pecha a porta)*

NORA: *(Pálida de medo)* Corromper os meus nenos? Envenenar o meu fogar? *(Para un intre; levanta a cabeza)* Non é verdade! Non pode ser verdade!

## ACTO SEGUNDO

*A mesma sala. Nun recuncho, preto do pianoforte, está a árbore de Nadal, murcha, sen adornos, coas candeas gastadas. O abrigo de Nora está no sofá.*

*Nora camiña soa pola sala, con gran nerviosismo. Finalmente colle o abrigo do sofá.*

NORA: *(Deixa o abrigo onde estaba)* Hai alguén na porta. *(Achégase á porta, escoita)* Non, non hai ninguén. Naturalmente, hoxe é o segundo día do Nadal e non virá ninguén. E mañá tampouco. Pode que haxa algo na caixa de correos. *(Abre a porta e mira)* Pois non, está baleira. *(Dá uns pasos polo chan adiante)* Que parva son. Está claro que non o dixo en serio. Non pode pasar unha cousa así. É imposible. E teño tres nenos pequenos.

*A aia entra pola porta da esquerda, leva unha caixa grande de cartón.*

A AIA: Atopei a caixa cos disfraces para o baile de máscaras.

NORA: Grazas, déixea na mesa.

A AIA: *(Faino)* Están os disfraces todos feitos un desastre.

NORA: Teño gana de desfacelos e tirar con eles.

A AIA: Meu Deus, pódense facer uns amaños. Só fai falta un pouco de paciencia.

NORA: Ten razón, irei á casa da señora Linde a ver se me bota unha man.

A AIA: Pero señora, vai saír outra vez con este tempo tan malo? Vostede vai coller un arrefriado, vai enfermar.

NORA: Iso non é nada. E os nenos como están?

A AIA: Os rapaces, pobriños, xogan cos agasallos do Nadal. Pero...

NORA: Preguntan por min?

A AIA: É que están afeitos a teren a súa nai con eles.

NORA: Ani, é que agora non podoo pasar tanto tempo con eles coma antes.

A AIA: Pois os nenos collen costumes moi rapidamente.

NORA: Cres que si? Pensas que van esquecer a súa nai se desaparece totalmente?

A AIA: Meu Deus, desaparecer totalmente?

NORA: Atende, Ani, sabes cantas veces me preguntei como puides deixar a túa nena con estraños?

A AIA: O certo, señora, é que non me quedou outra opción tras nacer vostede ca converterme na súa ama de cría.

NORA: Pero querías?

A AIA: A verdade é que me ofrecían un traballo tan bo... Unha moza pobre coma min, que pode facer cando ocorre unha desgraza? E ese home, que non fixo nada por min.

NORA: Pero a túa filla xa non se lembra de ti.

A AIA: Abofé que si. Mandoume unha carta, cando fixo a confirmación, e cando casou.

NORA: *(Abrázaa)* Ai, miña Ani querida, fuches unha boa nai para min.

A AIA: Vostede non tivo máis nai ca min.

NORA: E se os meus nenos non tivesen unha nai, ben sei que ti... Falo demasiado. *(Abre a caixa)* Marcha con eles. Eu agora teño que... Mañá vas ver como estarei fermosísima.

A AIA: Non haberá outra señora no baile tan guapa coma vostede. *(Marcha pola porta da esquerda)*

NORA: *(Comeza a sacar roupa da caixa, mais axiña tira con ela)* Ai, se tivese a valentía de saír. Pero... se aparece alguén. E se ocorre algo na casa mentres non estou? Parvadas. O que teño que facer é non pensar. Teño que cepillar o manguito. Que lindas son as miñas luvas. Deixa xa de pensar!... Un, dous, tres, catro, cinco, seis... Agora xa están aquí! *(Vai cara á porta, para, indecisa)*

*A señora Linde entra pola porta da entrada, xa sen abrigo.*

NORA: Ai, es ti, Kristina. Non entrou alguén máis contigo? Que ben que viñeches.

SEÑORA LINDE: Dixéronme que preguntaches por min.

NORA: Si, pasei pola túa casa. Preciso que me axudes cunha cousiña... Sentemos aquí no sofá. Mira, mañá hai un baile de máscaras na casa do cónsul Stenborg e Torvald quere que me disfrace de pescantina napo-

litana e que baile a tarantela, que aprendín cando estívemos en Capri.

SEÑORA LINDE: Vaia, vaia, vexo que vas dar todo un espectáculo!

NORA: Si, díxome Torvald que teño que facelo. Mira, este é o disfrace. Torvald mandou que mo fixesen en Capri. Pero agora está nun estado que non sei...

SEÑORA LINDE: Mira, isto amañámolo nun tris. Non hai máis que asegurar os adornos que están un pouco soltos. Fío e agulla? Pero se aquí temos todo o que fai falta.

NORA: De verdade que me fas un gran favor, Kristina.

SEÑORA LINDE: (*Cose*) Así que este é o disfrace para mañá. Sabes Nora, pasarei un momentíño mañá pola tarde para admiralo cando esteas vestida. Por certo, que esquecín por completo darche as grazas pola velada tan agradable de onte.

NORA: (*Érguese e sepárase un pouco dela*) Pois a min deume a sensación de que non foi unha cea tan agradable coma a doutros anos. Sería mellor se chegases á vila un pouco antes, Kristina. Torvald sabe ben como facer para que a casa estea acolledora.

SEÑORA LINDE: E ti seguro que tamén sabes; niso herdaches a valía do teu pai, sen dúbida. Pero quería saber se o doutor Rank está sempre tan pouco animado coma onte.

NORA: Non, onte notábaselle máis ca outras veces. É que sofre unha enfermidade moi grave. Ten leucemia, pobriño. Pero, sabes, o seu pai foi un home abominable, incluso tiña amantes. E por iso o fillo colleu enfermidades xa dende a infancia, entendes?

SEÑORA LINDE: (*Baixa a roupa que está a coser*) Líbre-me o Señor, Nora, querida, de onde sacas semellantes ideas?

NORA: (*Pasea pola sala*) É que cando se teñen tres fillos de cando en vez veñen... veñen certas señoras que teñen por así dicilo coñecementos médicos e cóntanche cousas.

SEÑORA LINDE: (*Cose, calan un intre*) O doutor Rank vén de visita case todos os días?

NORA: Un día tras outro, relixiosamente. É o mellor amigo de Torvald dende a súa xuventude e tamén é amigo meu.

SEÑORA LINDE: Pero dime... ese home fala claro? Quero dicir, non ten unha tendencia a contarlle á xente as cousas que quere escoitar?

NORA: Non, ao contrario, pero como é que pensas iso?

SEÑORA LINDE: Onte cando me presentaches, díxome que escoitara moitas veces o meu nome nesta casa. Despois decateime de que o teu esposo non tiña idea de quen era eu. Entón, como podería o doutor Rank?...

NORA: Pode ser certo, Kristina. Sabes, Torvald ámame tantísimo que quere ser o meu enteiro dono e non me quere compartir con ninguén, como di el. Os primeiros anos case toleaba cando lle falaba de alguén da miña querida familia. Así que xa non lle falo deles. Pero como o doutor Rank me escoita con moito interese, fálolle desas cousas.

SEÑORA LINDE: Atende, Nora, en moitos aspectos ti es aínda unha rapaciña. Como eu teño máis anos e máis experiencia, aconséllоче que fagas por cortar esa relación co doutor Rank.

NORA: Que relación teño que cortar?

SEÑORA LINDE: Por exemplo, onte faláchesme dun admirador rico que che ía proporcionar cartos...

NORA: Si, pero ese home non existe, para a miña desgraza. Que máis?

SEÑORA LINDE: O doutor Rank ten fortuna?

NORA: Ten.

SEÑORA LINDE: E ninguén que dependa del?

NORA: Non, ninguén, pero...

SEÑORA LINDE: E está todos os días de visita nesta casa?

NORA: Xa che dixen que si.

SEÑORA LINDE: E como é que un home tan correcto chega a ser tan insistente?

NORA: Xa non entendo nada.

SEÑORA LINDE: Non disimules, Nora. Está clarísimo a quen lle pediches prestados os cartos da viaxe.

NORA: Ti toleas, Kristina! Como podes pensar semellante cousa? Un amigo da familia que vén á casa todos os días? Non che parecería unha situación horriblemente incómoda?

SEÑORA LINDE: Xúrasme que el non foi?

NORA: Non foi, asegúrocho. De verdade non o pensei nin un momento. E daquela, amais, el non tiña cartos, herdou cando xa viñamos de volta.

SEÑORA LINDE: Entendo que viviches un inferno, Nora querida.

NORA: Non, xamais se me ocorrería pedirlle nada ao

doutor Rank. Pero agora que o penso, se se me ocorre pedirlle...

SEÑORA LINDE: Pero non lle pedirás...

NORA: Non, por suposto que non. Ademais non creo que sexa necesario... Pero teño a seguridade de que se falase co doutor Rank...

SEÑORA LINDE: Ás costas do teu esposo?

NORA: Teño que cortar co outro asunto, é tamén ás costas do meu esposo. Teño que cortalo de vez.

SEÑORA LINDE: Si, xa mo dixeches onte. Pero...

NORA: *(Vai dun lado ao outro)* Un home pode amañar eses asuntos moito mellor ca unha muller.

SEÑORA LINDE: Enténdese que é o esposo desa muller.

NORA: Parvadas. *(Para)* Cando alguén paga as súas débedas, devólveselle o recibo e xa está.

SEÑORA LINDE: Naturalmente.

NORA: E podes rompelo en mil anacos, o noxento papel ese.

SEÑORA LINDE: *(Mira a Nora con intensidade, deixa a costura e levanta lentamente)* Nora, ti agochas algo.

NORA: Podes velo na miña cara?

SEÑORA LINDE: Algo pasou entre onte e hoxe. Nora, que foi?

NORA: *(Achégase a ela)* Kristina... *(Escoita)* Xa está aquí Torvald. Mira, vai mentres tanto para o cuarto dos nenos, Torvald non soporta a costura. Deixa que Ani che axude.

SEÑORA LINDE: *(Recolle parte das roupas e a costura)*

Vou, pero non marcho até que me fales con sinceridade. (*Marcha pola porta da esquerda. Deseguido entra Helmer pola porta da entrada*)

NORA: (*Achégase a el*) Ai, canto te botei de menos, meu rei!

HELMER: Está aquí a costureira?

NORA: Non, é Kristina, que está a botarme unha man co disfrace. Vou ser todo un espectáculo!

HELMER: Seguro, a que foi unha idea estupenda a que tiveren?

NORA: Si, foi unha ocorrencia moi boa, e eu son tan boa que te obedezo.

HELMER: Boa por obedecer? Vaia, vaia, toliña, penso que non quixeches dicir iso. Pero non amolo máis, terás que facer unha proba...

NORA: E ti vas traballar?

HELMER: Si (*Mostra un feixe de papeis*) Estiven no banco... (*Quere entrar no seu despacho*)

NORA: Torvald.

HELMER: (*Para*) Que queres?

NORA: Se o teu esquíu che pedise unha cousa...

HELMER: E logo?

NORA: Faríala por min?

HELMER: Si, pero primeiro quero saber que é.

NORA: O esquíu comezaría a dar saltos de ledicia pola casa adiante se foses tan bo...

HELMER: Fala xa dunha vez.

NORA: A rula cantaríaa na casa, alto ou baixo, como ti queiras.

HELMER: A rula canta deseguido de todos os xeitos.

NORA: Sería a raíña dos trasnos e bailaríaa para ti á luz da lúaa, Torvald.

HELMER: Nora, non será o que me pediches con tanta insistencia esta mañá?

NORA: (*Máis preto*) Pídocho tanto!

HELMER: En serio vas ter o valor de pedirmo outra vez?

NORA: Si, si, tes que ser bo e obedecerme. Terás que deixar que Krogstad quede co posto do banco.

HELMER: Miña querida Nora, é o posto que xa destinei para a señora Linde.

NORA: Si, foi unha decisión moi boa, pero non poderías botar outro administrativo e quedar con Krogstad?

HELMER: Non o podo crer, Nora, que sexas tan teimuda. Polo feito de que ti vas e prometes unha cousa sen pensalo, eu teño que...

NORA: Non é por iso, Torvald. É por ti. Ese individuo escribe nos peores xornais, ti mesmo o dixeches! Pode facerche tanto mal! Téñoille un medo terrible!

HELMER: Entendo, é polos teus recordos de tempos pasados...

NORA: Si, si claro... Tes que lembrar como as malas linguas escribían nos xornais sobre o meu pai e dicían cousas que luxaban a súa honra. Botaríano do emprego se no teu traballo non chegan a enviarte para facer unha investigación e se non falases tanto no seu favor.

HELMER: Miña boneca, hai unha clara diferenza entre o teu pai e mais eu. O teu pai como funcionario non contaba cunha reputación sen tacha, pero eu si conto e así a mantereí mentres estea en posesión do meu cargo.

NORA: Ai, nunca se sabe o que poden inventar eses homes tan malvados. E agora que poderíamos estar tan felices e contentos no noso fogar tan pacífico e sen problemas, ti e mais eu e os nenos... É por iso que che insisto tanto...

HELMER: Xusto por esa petición túa non podo quedar con el. Xa sabe todo o mundo no banco que o vou despedir. Se agora se espallase o rumor de que o novo director do banco cambiou de opinión porque llo pediu a súa muller...

NORA: E iso que?

HELMER: Xa te vexo! Neste caso o único que importa é que a teimuda da miña muller saia coa súa... Daquela, quedaría eu en ridículo ante toda a cidade e o persoal do banco. Pensarían que me deixo influír facilmente. Tamén vou comezar a consultarlles aos paxariños. E ademais, hai outra circunstancia que fai que sexa imposible que quede Krogstad no banco mentres eu sexa o director.

NORA: E que pode ser?

HELMER: Incluso podería pasar por alto a súa escasa moralidade.

NORA: Seguro que si, Torvald.

HELMER: Dixéronme que se pode facer uso del de moitos xeitos. Pero resulta que foi un coñecido meu na nosa xuventude. Foi unha desas amizades nas que non te

paras moito a pensar cando comeza e que despois te avergonzan. Voucho confesar: atuámonos. E como é un home sen tacto, non o agocha nin cando estamos na compañía doutra xente. Ao contrario, pensa que ten dereito a falar comigo nun ton de familiaridade e sae en cada momento co seu: ti, Helmer, ti e mais eu... Asegúrocho, non o aturo. Fai que a miña situación no banco se volva insostible.

NORA: Torvald, non dirás todo iso en serio.

HELMER: E logo? Por que non?

NORA: Porque todo iso son cousas sen importancia.

HELMER: Pero que dis? Sen importancia? Pensas que eu non son importante?

NORA: Non, non, ao contrario, querido Torvald, e é xusto por iso...

HELMER: Dá igual, dis que as miñas razóns carecen de importancia. Sen importancia. Verás, entón, vou pór fin a todo isto. *(Diríxese á entrada e berra)* Lena!

NORA: Que lle queres?

HELMER: *(Busca entre os seus papeis)* Está decidido! *(Entra a doncela)*

HELMER: Mire, colla esta carta. Marche á vila e entréguela a un mensaxeiro. Vaia á présa. O enderezo atoparao na carta. Aquí ten os cartos.

A DONCELA: Si, señor. *(Colle a carta e marcha)*

HELMER: *(Xunta os papeis)* Acouga, miña mulleriña teimuda.

NORA: *(Sen respirar)* Torvald, que carta era esa?

HELMER: A carta de despido de Krogstad.

NORA: Que volva a moza, Torvald! Dígoche que a chames! Aínda estás a tempo. Tes que facelo por min, por ti mesmo, e polos rapaces! Que o fagas, Torvald! Non sabes que desgrazas pode traernos todo isto.

HELMER: Demasiado tarde.

NORA: Si, demasiado tarde!

HELMER: Pódoche perdoar este temor no que vives dende hai un tempo, Nora, aínda que en realidade é unha ofensa para min. Si que o é! Ou non é unha ofensa pensar que eu poida ter medo dun difamador desgraciado coma ese? Pero perdócho de todos os xeitos porque é unha mostra do teu grande amor por min. *(Abrázaa)* Si, así ten que ser, miña queridíña Nora. Veña o que veña, cando fai falta de verdade, eu terei valor e forza para o que sexa. Verás que son home para afrontar todo isto.

NORA: *(Morta de medo)* Que queres dicir con iso?

HELMER: Todo, dígocho, todo...

NORA: *(Con decisión)* Non, xamais terás que facelo.

HELMER: Ben, Nora, entón compartíremolo, como home e muller, así é como debe ser. *(Con aloumiños)* Agora estás máis contenta? Non, non me mires con eses ollos de paxariño asustado. Todo o que che pasa son só imaxinacións túas. E agora vas ensaiar a tarantela e tocar a pandeireta. Vou sentar no despacho e pechar a porta, e podes facer todo o rebumbio que queiras. *(Xira cara a ela na porta)* E cando chegue o doutor Rank, podes dicirlle onde me pode atopar. *(Fai un aceno coa cabeza, colle os seus papeis e pecha a porta do despacho)*

NORA: *(Sen saber que facer polo medo, sen moverse,*

*fala baixo)* Será capaz de facelo? Farao! Farao, a pesar de todo! Non, non o podo permitir! Antes farei calquera cousa. Ai, que alguén me axude! Preciso atopar unha saída... *(Soa a campá da porta)* O doutor Rank! Calquera cousa antes ca iso! O que sexa!... *(Pasa a man pola cara, trata de tranquilizarse, marcha á porta e abre. Vese o doutor Rank sacando o abrigo de peles. Deseguido vai escurecendo)*

NORA: Boa tarde, doutor Rank. Xa o recoñecín polo xeito de chamar. Pero ten que agardar un intre para ver a Torvald, agora está ocupado.

RANK: E vostede?

NORA: *(Entra na sala, pecha a porta tras el)* Ai, sabe ben que para vostede sempre teño tempo.

RANK: Grazas. Farei uso dese tempo mentres poida.

NORA: Que quere dicir? Mentres poida?

RANK: Si. Acaso a asusta?

NORA: Vaia, é unha maneira de expresarse un pouco estraña. É que vai pasar algo?

RANK: Pasará iso para o que tanto tempo levo preparándome. Aínda que non pensara que ía ocorrer tan axiña.

NORA: *(Colle o seu brazo)* Que é o que lle dixeron? Doutor Rank, ten que contarmo.

RANK: *(Senta diante do lume)* Isto vai acabar comigo. Non hai nada que facer.

NORA: *(Aliviada)* Ou sexa que é vostede...

RANK: Quen se non? Non paga a pena mentirse a si mesmo. Eu son o máis desgraciado de todos os meus en-

fermos, señora Helmer. Nestes días fixen unha avaliación xeral do meu estado interior. Bancarrota total. Dentro dun mes estarei criando malvas no camposanto.

NORA: Non diga esas cousas!

RANK: O asunto non é para menos. Pero o peor é polo que teño que pasar antes. Aínda queda unha consulta que facer; cando remate, vou saber exactamente canto tempo me queda até o horror da descomposición. Gustaríame pedirlle algo, Helmer é dunha natureza tan rixida que ten unha decidida aversión contra todo o que atopa noxento. Así que non quero que entre no meu cuarto cando estea doente.

NORA: Ai, pero doutor Rank...

RANK: Non quero, de ningún xeito. Non lle abriría a porta. Cando teña a seguridade de que vai comezar o peor, mandareille a miña tarxeta cunha cruz negra, e entón saberá que comezou a terrible desintegración.

NORA: Vaia, hoxe está vostede imposible. E eu que tiña gana de que estivese de mellor humor...

RANK: Coa morte nas mans? Pagando polas culpas doutra persoa, é iso xusto? En cada familia hai unha especie de retribución que non perdoa...

NORA: *(Coas mans nas orellas)* Parvadas! Alegría, alegría!

RANK: Si, a min non me queda outra que rir de todo iso. A miña pobre medula ósea paga pola vida de desenfreno que levou o meu pai cando era tenente.

NORA: *(Na mesa da esquerda)* Era certo que lle gustaban tanto os espárragos e os pasteis de fígado de oca?

RANK: Si, e as trufas.

NORA: Claro, claro, as trufas. E as ostras.

RANK: Si, si, as ostras, seica as ostras tamén.

NORA: E o viño do Porto e o champaña, para acompañar. É unha desgraza que todas esas cousas tan boas afecten xusto a medula ósea.

RANK: Sobre todo cando esas cousas tan boas afectan a medula que non as degustou.

NORA: Vaia, iso é o que máis rabia dá.

RANK: *(Miraa con curiosidade)* Hmmm.

NORA: *(Despois dunha pausa)* Por que ri?

RANK: Non, foi vostede quen riu.

NORA: Non, eu non, foi vostede.

RANK: Vostede é máis ocorrente do que pensaba!

NORA: Son ganas de rir o que teño hoxe!

RANK: Xa vexo.

NORA: *(Pon as súas mans nos ombreiros do doutor Rank)* Meu querido, meu benquerido doutor Rank. Non pode morrer e deixarnos a Torvald e a min!

RANK: Ese loito vai desaparecer deseguido. A xente esquece axiña a persoa que marcha.

NORA: *(Mirao con medo)* Vostede pensa iso?

RANK: Atópanse novas amizades, e entón...

NORA: Quen atopa novas amizades?

RANK: Tanto Helmer coma vostede terán novas amizades cando eu non estea. Paréceme que vostede xa comezou. Que facía esa señora Linde na casa se non?

NORA: Non irá dicirme que ten envexa de Kristina, pobre.

RANK: Teño. Vai substituírme nesta casa. Cando eu marche, quizais esta muller...

NORA: Baixe a voz, non fale tan alto, está aí dentro.

RANK: Hoxe tamén? Xa o dicía eu...

NORA: Veu só para axudarme a coser o meu traxe. Hoxe vostede non atende a razóns. *(Senta no sofá)* Sexa bo, doutor Rank. Mañá verá como bailo, fareino só para vostede... e, claro, un pouco tamén para Torvald. *(Sacca varias cousas da caixa)* Doutor Rank, sente aquí comigo, vou amosarlle unha cousa.

RANK: *(Senta)* Que é?

NORA: Mire, mire!

RANK: Medias de seda.

NORA: De cor carne. Non lle son preciosas? Agora hai tan pouca luz, pero mañá verá... Non, non, só a parte do pé. Total, mire a parte de máis arriba se quere tamén.

RANK: Hmmm!

NORA: Por que pon esa cara de que non lle convencen? Seica pensa que non me van sentar ben?

RANK: É imposible que eu teña unha razón fundada para opinar sobre ese pormenor.

NORA: *(Mírao un intre)* Vergoña debería darlle! *(Pégalle coa media na orella)* Toma, toma.

RANK: E cales son as outras delicias que me pensa amosar?

NORA: Xa non lle amoso nada máis, vostede non se porta ben.

*Cantaruxa e remexe entre a roupa da caixa.*

RANK: *(Cala un intre)* Cando estou aquí sentado con vostede en tanta intimidade, preguntome que ía ser de min se non tivese a posibilidade de frecuentar esta casa.

NORA: *(Cun sorriso)* Penso que vostede no fondo está moi contento nesta casa.

RANK: *(Á parte, en voz baixa)* E agora teño que marchar e deixar todo isto...

NORA: Parvadas. Vostede non o deixará.

RANK: *(Como antes)* ... e nin podó deixar unha mostra da miña gratitude para que me lembre, seica unha saudade, só un lugar baleiro onde poida meterse o primeiro en chegar.

NORA: E se eu lle pedise... non, nada...

RANK: Que me quere pedir?

NORA: Unha gran mostra da súa amizade.

RANK: Diga, diga...

NORA: Non, iso non, trátase dunha axuda moi grande...

RANK: Por unha vez, de verdade quere dar-me esa ledicia?

NORA: Espere, aínda non lle dixen de que se trata.

RANK: Ben, entón dígame xa.

NORA: Non, é que non podó. Sonlle tantas cousas, unha axuda, un consello e un favor...

RANK: Tanto mellor. Pero non podó imaxinar que é o que quere. Fale xa. Non confía en min?

NORA: Si, coma en ninguén. Xa sabe que vostede é o meu mellor amigo e o máis fiel. Por iso llo vou contar. Ben, doutor Rank, hai algo no que ten que axu-

dar-me para evitar que pase. Sabe ben a forza coa que me ama Torvald, con tanto cariño... Non dubidaría nin un momento en dar a súa vida por min.

RANK: (*Inclínase cara a ela*) ... e vostede cre que el é o único...

NORA: (*Pega un lixeiro bote*) ... o único...

RANK: ... que non dubida en dar a súa vida por vostede.

NORA: (*Lentamente*) Ah, si.

RANK: Prometin-me a min mesmo que vostede tiña que sabelo antes da miña partida. E non puiden atopar unha ocasión máis axeitada. Si, Nora, xa o sabe... Sabe tamén que pode contarme todo con plena confianza.

NORA: (*Érguese, con tranquilidade e énfase*) Déixeme marchar.

RANK: (*Deixa que se levante, queda sentado*) Nora...

NORA: (*Na porta da entrada*) Lena, traia a lámpada! (*Marcha en dirección ao lume*) Ai, meu querido doutor Rank, paréceme que non foi bo.

RANK: (*Érguese*) Que a ame con tanta forza coma esoutra persoa, parécelle malo?

NORA: Non, pero si que mo contase. De verdade, non era necesario...

RANK: Que insinúa? Vostede sabíao...

*A doncela entra coa lámpada, déixaa na mesa e marcha.*

RANK: Nora... señora Helmer... teño que sabelo, vostede era consciente de que...

NORA: Que bobada é iso de se o sabía ou non o sabía... Non llo podo dicir. Vaia, o que non sabía é que fose vostede tan parvo, doutor Rank. Agora que todo ía tan ben.

RANK: Ben, agora ten a certeza de que estou ao seu servizo con toda a miña alma e os meus coñecementos. Pídamo xa.

NORA: (*Mírao*) Despois de todo isto?

RANK: Rógolle, cónteo xa, que ten?

NORA: Agora xa ninguén o pode saber.

RANK: Que si, que si. Non me castigue deste xeito. Déixeme que faga por vostede todo o que é humanamente posible.

NORA: Agora non pode facer nada por min. Pero vai ver que non preciso axuda. Darase conta de que son cousas da miña imaxinación. Élle así. Claro. (*Senta no mexedor, mírao, cun sorriso*) Vaia, é vostede unha boa peza, doutor Rank. Non ten vergoña agora que está á luz da lámpada?

RANK: Non, francamente non. Pero será mellor que marche... para sempre.

NORA: Non, non irá a ningures. Ten que seguir vindo a esta casa coma antes. Ben sabe que Torvald non pode estar sen vostede.

RANK: Si, pero vostede?

NORA: Eu?... É todo tan agradable cando vén vostede.

RANK: Iso é xusto o que me confundiu. Non entendo nada. A miúdo tiña a impresión de que vostede estaba tan ben na miña compañía coma na de Helmer.

NORA: Xa, pero é que hai persoas que se aman e outras persoas coas que se quere estar.

RANK: Vaia, hai moito de verdade niso.

NORA: Cando estiven na miña casa, amaba o meu pai máis ca a ninguén. Pero cando o pasaba ben de verdade era cando xogaba a agocharme no cuarto das doncelas. Elas non me enganaban nunca. E tamén falaban de cousas moi divertidas.

RANK: Ah, entón eu son para vostede o substituto das doncelas.

NORA: (*Érguese e achégase a el*) Meu querido doutor Rank! Non quixen dicir iso, pero terá que entender que con Torvald ocorre o mesmo ca co meu pai...

*A doncela entra pola esquerda.*

A DONCELA: Señora! (*En voz baixa, entrégalle unha tarxeta*)

NORA: (*Mira a tarxeta*) Ui! (*Mete a tarxeta no peto*)

RANK: Pasa algo malo?

NORA: Non, non é nada. É que... é que traen o meu disfrace.

RANK: Que disfrace? Pero o seu traxe está aquí.

NORA: O traxe, si. Pero este é outro, pedín que mo fixesen. É un segredo e Torvald non pode sabelo.

RANK: Vaia, este é o gran segredo.

NORA: Si, marche con el, está no despacho. Ten que impedir que o vexa.

RANK: Non se preocupe; non deixarei que pase. (*Entra no despacho e pecha a porta*)

NORA: (*Á doncela*) Está agardando na cociña?

A DONCELA: Si, entrou pola parte de atrás.

NORA: E non lle dixeches que xa tiña visita?

A DONCELA: Si, pero non me fixo caso.

NORA: E non quere marchar?

A DONCELA: Non, non mentres non fale con vostede, señora.

NORA: Deixe que pase entón, Lena, pero que non faga ruído. Non llo diga a ninguén. É unha sorpresa para o meu esposo.

A DONCELA: Si, señora, entendo. (*Sae*)

NORA: Sucede o que máis temía. É terrible. Non, non, non pode pasar. Non pode. (*Ábrese a porta e pasa o procurador Krogstad. Pecha a porta. Viste abrigo de pel de viaxe, botas e sombreiro de pel*)

NORA: Fale con tino, o meu esposo está na casa.

KROGSTAD: A min iso tanto me ten!

NORA: Que quere de min?

KROGSTAD: Quero saber unha cousa.

NORA: Entón dígamo rápido. Que é?

KROGSTAD: Vostede xa saberá que me despediron.

NORA: Non o puiden impedir, señor Krogstad. Loitei até o último momento por vostede, pero non fun capaz de impedilo.

KROGSTAD: Tena o seu esposo en tan pouca estima? Sabe ben as molestias que lle podo causar e non lle importa?

NORA: E por que pensa que xa o sabe?

KROGSTAD: Ai, non, xa me figurei que non o sabía. Non está no carácter do meu benquerido Torvald Helmer demostrar tanta coraxe.

NORA: Señor Krogstad, esíxolle respecto para o meu esposo.

KROGSTAD: Como non, todo o debido respecto. Pero como vostede agocha este asunto con tanto medo, teño que pensar que está mellor informada ca onte.

NORA: Máis informada do que podería terme vostede.

KROGSTAD: Claro, un avogado tan malo coma min...

NORA: Dígame que quere.

KROGSTAD: Só quería saber como estaba vostede de saúde, señora Helmer. Estiven pensando en vostede todo o día. Sabe que un cobrador, un escritor de cartas anónimas, un... ben, un home coma min, tamén ten o seu corazonciño.

NORA: Entón, amósemo. Pense nos meus fillos.

KROGSTAD: Coido que o seu esposo tamén podía pensar nos meus, pero tanto ten. Só quería dicirlle que non tomase este asunto tan en serio. Polo de agora non haberá unha demanda pola miña parte.

NORA: Xa sabía eu que non o ía facer.

KROGSTAD: Pódese arranxar para ben de todos. Non fai falta que a xente o saiba; pode ser unha cousa entre os tres.

NORA: O meu esposo non o pode saber nunca.

KROGSTAD: Como vai vostede impedilo? Vaime pagar vostede o que me debe?

NORA: Hoxe non podo.

KROGSTAD: Ou atopou algunha maneira de me pagar?

NORA: Si, teño, pero non quero facelo agora.

KROGSTAD: Ben, de todos os xeitos non lle ía servir de nada por moitos cartos que levase na man. Non lle darei a carta faga o que faga.

NORA: Explíqueme que quere facer con ela.

KROGSTAD: Só quero quedar con ela. Gardala ben gardada. Ninguén de fóra saberá da súa existencia. Por se vostede tomase algunha que outra decisión desespeada...

NORA: Podería facelo.

KROGSTAD: ... como marchar da casa e deixar a súa familia...

NORA: Podería facelo.

KROGSTAD: Ou se se lle ocorrese facer algo peor...

NORA: Como pode sabelo?

KROGSTAD: ... sáqueo da cabeza.

NORA: Como pode saber que pensei niso?

KROGSTAD: Normalmente adóitase pensar niso nun primeiro momento. Eu tamén pensei niso, pero despois non tiven valor.

NORA: (*Sen ánimo*) Eu non o teño tampouco.

KROGSTAD: (*Con alivio*) Verdade que non o ten? Vostede tampouco o ten.

NORA: Non o teño, non.

KROGSTAD: E ía ser unha auténtica parvada. Tras as primeiras disputas domésticas... Levo no peto unha carta para o seu esposo.

NORA: E nela cóntase toda a historia?

KROGSTAD: Expréseino do xeito máis suave que coñezo.

NORA: (*Rápido*) Non debe recibir esa carta. Ten que rompela en anacos. Atoparei un xeito de reunir os cartos.

KROGSTAD: Pídlle desculpas, señora, pero coido que xa llo dixen...

NORA: É que non falo dos cartos que lle debo eu. Quero saber cantos cartos lle vai pedir ao meu esposo, e procurarei esa suma.

KROGSTAD: Ao seu esposo non lle penso pedir cartos.

NORA: Entón, que é o que pensa pedirlle?

KROGSTAD: Direillo, señora. Quero levantar cabeza. Quero pórme de pé, e niso vaimos axudar o seu esposo. Levo máis dun ano sen facer nada ilegal. Todo ese tempo loitei contra as adversidades. Funo conseguindo pouco a pouco. E agora botáronme de novo, e non quedo satisfeito só coa miña readmisión. Quero seguir tirando, quero regresar ao banco, e quero un cargo máis alto. O seu esposo vai inventar un posto para min...

NORA: El non o fará xamais.

KROGSTAD: Vaino facer, abofé! Coñézoo, coñezo ben ó seu esposo e non se atreverá nin a protestar. E cando estea con el no despacho, xa o verá! Dentro dun ano serei a man dereita do director. Serei eu, Nils Krogstad, quen dirixirá o Banco Financeiro e non Torvald Helmer.

NORA: Non vivirá para ver tal cousa.

KROGSTAD: E pensa vostede facer algo?

NORA: Agora si, agora teño a coraxe.

KROGSTAD: O caso é que vostede non me dá medo. Unha señora tan fina e consentida coma vostede.

NORA: Xa o verá. Xa o verá.

KROGSTAD: E como o vai facer? Seica baixo o xeo, nas augas frías e escuras. E ha volver na primavera, horrenda, irrecoñecible, sen o seu cabelo...

NORA: Non me dá medo.

KROGSTAD: A min vostede tampouco. Estas cousas non se fan. E de que ía servir? De todos os xeitos teño o seu esposo nas miñas mans.

NORA: Na primavera... aínda que eu xa non...

KROGSTAD: Vostede esquece que neste caso eu son quen manipula a súa reputación.

*Nora non pode soltar palabra. Mirao con incredulidade.*

KROGSTAD: Agora xa o sabe, non vaia facer parvadas. Helmer recibirá a miña carta, e agardo que me conteste. E vostede ten que lembrar que foi o seu home quen me forzou a tomar este camiño. Non llo perdoarei xamais. Adeus, señora. (*Marcha cara á porta de fóra*)

NORA: (*Abre a porta da rúa con sixilo, escoita*) Marcha. Non vai deixar a carta. Ai, non pode ser. (*Abre a porta cada vez máis*) Que pasa? Non baixa a escaleira. Non vai deixar a carta. Será posible que se arrepiña? (*Escóitase como cae unha carta na caixa de correos. Despois escóitanse os pasos de Krogstad, que baixa a escaleira*)

NORA: (*Cun berro afogado, corre deica a mesa diante do sofá. Unha pausa*) Na caixa de correos. (*Mira cara á*

*porta da rúa*) Xa está na caixa. Torvald, Torvald, xa estamos perdidos!

SEÑORA LINDE: (*Entra pola porta da esquerda, co dis-  
frace nas mans*) Pois xa amañei todo o que había que  
amañar. Agora terías que facer unha proba...

NORA: (*Sen voz, lentamente*) Kristina, ven aquí.

SEÑORA LINDE: (*Tira o traxe no sofá*) Que pasou? Parece  
que perdiches o sentido.

NORA: Ven aquí. Ves a carta, alí na caixa de correos?

SEÑORA LINDE: Si, parece que hai unha carta.

NORA: Esa carta é de Krogstad.

SEÑORA LINDE: Nora, foi Krogstad quen che prestou os  
cartos?

NORA: Si, e agora Torvald saberao todo.

SEÑORA LINDE: Debes crerme, Nora, será o mellor para  
ambos os dous.

NORA: Hai máis do que xa sabes. Fixen unha sinatura  
falsa.

SEÑORA LINDE: Pero polo amor do ceo.

NORA: Só unha cousa, Kristina, vas ser a miña testemuña.

SEÑORA LINDE: De que testemuña falas, Nora? Que é o  
que debo?...

NORA: Se eu perdese o sentido, e ben puidese ocorrer...

SEÑORA LINDE: Nora...

NORA: ... ou se me pasara calquera cousa, se pasara algo  
que me impedise estar nesta casa...

SEÑORA LINDE: Nora, estás totalmente fóra de ti.

NORA: Se houberse alguén que quixese cargar con todo,  
con toda a culpa...

SEÑORA LINDE: Si, si, pero que é o que che fai pensar...

NORA: Terás que saber que non é certo, Kristina. Non  
estou a tolear, teño máis xuízo ca nunca. E amais  
non o sabe ninguén máis ca min, fixeno todo eu soa.  
Lembra iso.

SEÑORA LINDE: Lembrareino, pero non entendo o que me  
dis.

NORA: Como vas entender o que vai pasar. Agora vai  
pasar o máis marabilloso!

SEÑORA LINDE: Que marabilla vai pasar?

NORA: Si, unha marabilla. Pero é tan espantoso, Kristina,  
que non pode pasar. Non pode pasar por nada deste  
mundo.

SEÑORA LINDE: Vou falar co señor Krogstad.

NORA: Non farás tal, pódèche facer dano.

SEÑORA LINDE: Houbo un tempo en que desexaba facer  
calquera cousa por min.

NORA: El?

SEÑORA LINDE: Onde vive?

NORA: Eu que sei... Agarda. (*Busca no peto*) Aquí está a  
súa tarxeta. Pero a carta, a carta...

HELMER: (*No seu despacho, peta na porta*) Nora!

NORA: (*Berra de medo*) Que queres? Que foi?

HELMER: Non te asustes, a porta está pechada con chave  
e non podemos pasar. Seica estás a probar o vestido?

NORA: Si, si. Estarei tan fermosa, tan fermosa.

SEÑORA LINDE: (*Lendo a tarxeta*) Pois vive xusto ao lado.

NORA: Pero non nos serve. Estamos perdidas. A carta xa está na caixa de correos.

SEÑORA LINDE: E o teu esposo ten a chave?

NORA: Si, sempre.

SEÑORA LINDE: Pois Krogstad terá que pedirlle que lle devolva a carta sen ler; ou terá que atopar outra escusa.

NORA: Pero é xusto agora que Torvald...

SEÑORA LINDE: Que non abra a caixa polo de agora. Vai con el. Volvo decontado. (*Marcha con présa pola porta de entrada*)

NORA: (*Marcha á porta de Torvald, abre e mira dentro*) Torvald!

HELMER: (*Na parte de atrás do despacho*) Podo xa entrar na miña propia sala? Veña, Rank, imos mirar unha escena extraordinaria. (*Na porta*) Pero isto que é?

NORA: Que tes, querido Torvald?

HELMER: Rank dixo que iamos presenciar un grandioso espectáculo.

RANK: (*Na porta*) Iso pensei, pero parece que me equivoquei.

NORA: Ninguén me verá no meu máximo esplendor até mañá.

HELMER: Pero miña Nora, pareces cansa. Coido que ensaiaches demasiado.

NORA: Non, non fixen ensaio ningún.

HELMER: Entón entenderás que vai ser necesario...

NORA: Si, teño que ensaiar xa. Pero é que non podo facer nada sen ti, Torvald, xa esquecín todo o que me aprenderas.

HELMER: Pois volverás aprender decontado.

NORA: Ai, Torvald, tes que ocuparte de min. Prométemo, teño moita angustia. Mañá haberá tanta xente... Terás que sacrificarte moito esta tarde por min, nin un papel, nin un lapis na man. A que si, Torvald?

HELMER: Prométocho. Esta tarde estarei totalmente ao teu servizo, a miña cousiña desamparada. Hmmm, é verdade, primeiro quero... (*Marcha cara á porta de entrada*)

NORA: Que queres alí fóra?

HELMER: Só vou ver se chegou o correo.

NORA: Non, non.. non hai nada.

HELMER: Pero...

NORA: Torvald, pídocho, non hai ningunha carta.

HELMER: Déixame, quero mirar... (*Vai cara á porta*)

Nora (*Senta no piano, toca as primeiras notas da tarantela*) Non podo bailar mañá se non podo ensaiar contigo.

HELMER: (*Achégase a ela*) Pero de verdade tes tanto medo, Nora?

NORA: Si, teño un pánico terrible. Teño que ensaiar xa, aínda hai tempo antes da cea. Senta aquí e toca, Torvald, e corríxeme. Dáme os consellos de costume.

HELMER: De boa gana, xa que mo pides. (*Senta no piano*)

NORA: *(Colle a pandeireta da caixa, e un gran chal bordado que bota sobre o corpo. Dun brinco sitúase no medio da sala e berra)* Xa podes tocar. Que comece o baile!

*Helmer toca, Nora baila. Rank colócase detrás do piano e observa.*

HELMER: *(Tocando)* Máis amodo, máis amodo.

NORA: Non podo bailar doutro xeito.

HELMER: Máis devagar, Nora.

NORA: Así, ten que ser así.

HELMER: *(Deixa de tocar)* Non, este baile non é así.

NORA: *(Sorri e segue bailando)* Xa cho dixen.

RANK: Deixe que toque eu.

HELMER: *(Érguese)* Si, toque vostede. Así podo corrixila.

*Rank senta ao piano e toca. Nora baila cada vez con máis violencia. Helmer colócase preto do lume e segue dirixíndose a ela, corrixíndoa. Nora parece que non o escoita. O seu cabelo solto cáelle polos ombreiros abaixo. Non se dá conta e segue bailando.*

*A señora Linde entra.*

SEÑORA LINDE: *(Queda estupefacta na porta)* Vaia!

NORA: *(Bailando)* Vas ver que diversión, Kristina.

HELMER: Pero, miña queridísima Nora, bailas coma se niso che fose a vida.

NORA: Pois así é.

HELMER: Rank, pare, isto é unha cousa de tolos. Dígolle que pare.

*Rank deixa de tocar. Nora para de súpeto.*

HELMER: *(A Nora)* Non o podo crer. Esqueciches todo o que che ensinara.

NORA: *(Tira coa pandeireta)* Xa ves.

HELMER: Precisas ensaiar todo dende o comezo.

NORA: Xa ves a falta que me fai! Tes que ensinarme dende o principio até a fin. Prométesmo, Torvald?

HELMER: Que non che caiba dúbida...

NORA: Non debes facer outra cousa que dedicarte a min, nin hoxe nin mañá. Nin abrir a caixa de correos, nin ler cartas...

HELMER: Vaia, é que aínda tes medo desa persoa...

NORA: Ai, si, iso tamén.

HELMER: Nora, podo velo na túa cara: hai unha carta dese home.

NORA: Non che sei. Pero non debes ler nada diso. Non ten que haber nada malo entre ti e mais eu até que todo isto remate.

RANK: *(En voz baixa a Helmer)* Non debes contrariala, Helmer.

HELMER: *(Abraza a Nora)* Farei o que a miña bonequiña queira, pero mañá á noite, cando remate o baile...

NORA: Entón deixareite libre.

A DONCELA: *(Na porta da dereita)* Señora, a cea está servida.

NORA: Lena, imos tomar champaña.

A DONCELA: Como non, señora. *(Marcha)*

HELMER: Vaia, festa rachada, entón!

NORA: Festa rachada con champaña deica o amencer.  
(*Berra*) E amendoados, Lena, traia moitos amendoados, só por esta vez.

HELMER: Acouga, Nora, non quero desenfreos! Tes que ser a miña rula de sempre.

NORA: Serei, pero pasade diante, vostede tamén, doutor Rank. Kristina, tesme que axudar co meu peiteado.

RANK: (*Quedo, mentres entran no comedor*) Non será... non será que está en estado de...

HELMER: Non, meu amigo, de ningún xeito. Trátase dese medo infantil do que che falei. (*Pasan á dereita*)

NORA: Que?

SEÑORA LINDE: Marchou da cidade.

NORA: Vino na túa cara.

SEÑORA LINDE: Estará de volta mañá. Escribinlle unha nota.

NORA: Non facía falta. Non tes que impedir nada. No fondo é un pracer agardar por esta marabilla.

SEÑORA LINDE: Que é o que estás agardando?

NORA: Ti non o podes comprender. Pasa, que eu vou deseguido.

*A señora Linde entra no comedor.*

*Nora queda un intre sen moverse como para recobrar o ánimo. Mira o seu reloxo.*

*As cinco da tarde. Sete horas deica a media noite. E vinte e catro horas máis deica a seguinte media noite.*

*Entón xa terei rematado o baile da tarantela. Trinta e unha horas máis de vida.*

HELMER: (*Na porta*) Pero onde marchou a miña rula?

NORA: (*Abre os brazos, vai cara a el*) Aquí tes a túa rula.

## ACTO TERCEIRO

*A mesma sala. A mesa coas cadeiras están no centro. Hai unha lámpada prendida na mesa. A porta do recibidor está aberta. Escóitase música de baile de máscaras procedente do piso de arriba.*

*A señora Linde está sentada diante da mesa e follea un libro sen prestar atención. Parece que está agardando a alguén, xa que de cando en vez mira cara á porta da entrada.*

SEÑORA LINDE: *(Mira o seu reloxo)* Aínda non e xa é hora... E se fose que el non... *(Escoita outra vez)* Xa está aquí! *(Marcha á porta da rúa, abre con coidado. Escóitanse pasos na escaleira. Fala baixo)* Pode entrar, non hai ninguén.

PROCURADOR KROGSTAD: *(Na porta)* Recibín unha nota súa. Que quere dicir todo isto?

SEÑORA LINDE: Tiña que falar con vostede sen falta.

KROGSTAD: E ten que facelo nesta casa?

SEÑORA LINDE: Na miña casa non pode ser, o meu cuarto non ten entrada independente. Pase, estamos sós; a

doncela dorme e os Helmer están co baile no piso de arriba.

KROGSTAD: (*Entra na sala*) De veras que os Helmer están de baile esta noite?

SEÑORA LINDE: E por que non?

KROGSTAD: Certo, por que non?

SEÑORA LINDE: Ben, Krogstad, temos que falar.

KROGSTAD: É que aínda nos quedan cousas por falar?

SEÑORA LINDE: Si, temos moito que falar.

KROGSTAD: Pensaba que non.

SEÑORA LINDE: O que pasa é que nunca entendeu as miñas razóns.

KROGSTAD: Que hai que entender...?, se o que pasa non é máis que o que tantas veces sucede? Que unha muller sen corazón manda a paseo o home que a quere cando aparece outro que lle parece máis conveniente?

SEÑORA LINDE: Así que pensa que non teño corazón, pensa que me foi fácil romper.

KROGSTAD: Acaso non o fixo?

SEÑORA LINDE: Krogstad, de verdade pensa iso?

KROGSTAD: Se non foi así, por que me escribiu aquela carta?

SEÑORA LINDE: Non tiven elección; ao cortar tamén debía acabar con todos os seus sentimentos cara a min.

KROGSTAD: (*Aperta os puños*) Xa entendo. E iso, todo iso, só por culpa dos cartos.

SEÑORA LINDE: Non pode esquecer que tiven que pensar na miña nai e nos meus irmáns. Non nos foi posible

agardar por vostede. Daquela non tiña moito que ofrecer.

KROGSTAD: Pode ser, pero non tiña dereito a botarme por mor doutro home.

SEÑORA LINDE: Non lle sei. Eu tamén me pregunto se tiña dereito a facelo.

KROGSTAD: (*Quedo*) Cando a perdín foi coma se a terra desaparecese debaixo dos meus pés. Ve no que me convertín?, son coma un náufrago á deriva.

SEÑORA LINDE: A axuda chegou axiña.

KROGSTAD: Chegou, mais tamén chegou vostede e me-teuse no medio.

SEÑORA LINDE: Non o sabía, Krogstad. Non foi até hoxe que souben que ía substituílo no banco.

KROGSTAD: Se vostede o di, non teño por que non crela. Pero agora que o sabe, por que non se retira?

SEÑORA LINDE: Non, porque non serve de nada.

KROGSTAD: Servir, servir... Eu no seu lugar retirárame.

SEÑORA LINDE: Aprendín a facer as cousas con prudencia. Aprendino da vida e da necesidade.

KROGSTAD: Eu aprendín a non crer nos tópicos.

SEÑORA LINDE: Entón a vida ensinoulle algo moi sensato, pero nos feitos si cre, non é?

KROGSTAD: Que quere dicir?

SEÑORA LINDE: Dixo que é un náufrago á deriva.

KROGSTAD: Teño moitas razóns para dicilo.

SEÑORA LINDE: Eu tamén son unha náufraga á deriva.

Non teño ninguén que poida botar de menos, nin ninguén que poida coidar.

KROGSTAD: Tamén é o que elixiu.

SEÑORA LINDE: Daquela non tiña outra elección.

KROGSTAD: E agora que quere facer?

SEÑORA LINDE: Krogstad, e se agora nós, dous náufragos, nos atopásemos no mesmo barco?

KROGSTAD: De que me está a falar?

SEÑORA LINDE: Estaríamos mellor no mesmo naufraxio que cada un no seu.

KROGSTAD: Kristina!

SEÑORA LINDE: Teño que traballar para vivir. Na miña vida non fixen máis ca traballar, non lembro outra cousa. É o que mellor sei facer e a única alegría que me dá a vida. Pero agora non teño ninguén e síntome triste e baleira. Traballar para min mesma non me satisfai. Krogstad, atópeme alguén para quen traballar.

KROGSTAD: Non a creo, non é outra cousa ca a soberbia dunha muller histórica que se vende a si mesma.

SEÑORA LINDE: Algunha vez lle pareceu que eu fose histórica?

KROGSTAD: Realmente quere facer isto? Acaso non sabe a historia da miña vida?

SEÑORA LINDE: Si.

KROGSTAD: E sabe o que pensan de min nesta vila?

SEÑORA LINDE: Seica non dixo hai nada que comigo podería chegar a converterse noutro?

KROGSTAD: Non estou tan seguro.

SEÑORA LINDE: E non podería ser agora o momento?

KROGSTAD: Kristina, é consciente do que me está a dicir? Parece que o é, véxoo na súa cara. Entón vaise atrever...

SEÑORA LINDE: Preciso que me queiran coma a unha nai e os seus fillos precisan esa nai. Eu precisoo e vostede a min. Krogstad, penso que no fondo é un bo home. Con vostede atrévome a todo.

KROGSTAD: (*Colle as súas mans*) Grazas, Kristina, grazas. Agora saberei como seguir adiante, pero case o esquezo...

SEÑORA LINDE: (*Escoita*) Sssh... A tarantela, ten que marchar!

KROGSTAD: E logo? Iso que é?

SEÑORA LINDE: Escoita o baile no piso de arriba? Cando remate, van baixar.

KROGSTAD: Si, xa marchaba. Todo está perdido porque é evidente que vostede non sabe o que fixen cos Helmer.

SEÑORA LINDE: Seino, Krogstad.

KROGSTAD: E de todos os xeitos ten valor para...

SEÑORA LINDE: Sei ben o que a desesperación lle pode causar a un home coma vostede.

KROGSTAD: Ai, se puidese volver atrás para desfacelo...

SEÑORA LINDE: Pode, xa que a carta aínda debe de estar na caixa de correos.

KROGSTAD: Está segura?

SEÑORA LINDE: Segurísima, pero...

KROGSTAD: (*Míraa con intensidade*) A ver se a entendo...  
O que quere é salvar a súa amiga a calquera prezo.  
É iso?

SEÑORA LINDE: Alguén que xa se vendeu para salvar a outro, non volverá facelo.

KROGSTAD: Pedirei que me devolvan a carta.

SEÑORA LINDE: Non, non o faga.

KROGSTAD: Si, naturalmente. Quedo até que baixe Helmer. Direille que me ten que devolver a carta, que se trata da miña dimisión e que non a lea.

SEÑORA LINDE: Non, Krogstad, non debe recoller a carta.

KROGSTAD: Pero acaso non foi esa a razón pola que me mandou vir a esta casa?

SEÑORA LINDE: Si, pero foi o primeiro impulso antes de levar un día aquí e presenciar tantas cousas increíbles nesta casa. Helmer, debe sabelo todo. Este segredo ten que desaparecer, teñen que falar e aclarar as cousas. Non poden seguir vivindo con tanta intriga.

KROGSTAD: Ben, se insiste, pero pódese facer algo antes e, de feito, vouno facer...

SEÑORA LINDE: (*Escoita*) Á présa! Ten que marchar! Xa rematou o baile. Non estamos seguros nin un minuto máis.

KROGSTAD: Agárdoa na rúa.

SEÑORA LINDE: Está ben, pode acompañarme á casa.

KROGSTAD: Nunca antes fora tan feliz! (*Marcha pola porta da rúa. A porta entre o recibidor e a sala queda aberta*)

SEÑORA LINDE: (*Ordena un pouco as cousas na mesa;*

*achega o seu abrigo*) O que cambiaron as cousas!  
Vaia cambio! Xa teño alguén de quen ocuparme e para quen podo vivir, un fogar onde sentirme a gusto... Toca comezar de novo! Oxalá baixen pronto! Xenial, aí veñen! (*Pon o abrigo e o sombreiro*)

NORA: (*Aínda na porta, resiste*) Non, aínda non quero entrar! Quero volver subir, non quero marchar tan cedo...

HELMER: Pero miña querida Nora...

NORA: Pídocho, pídocho de verdade, con toda a miña alma, Torvald. Só unha hora máis.

HELMER: Nin un minuto, miña Noriña, xa sabes que temos un trato. Veña, veña, entra na casa. Vas acabar collendo un arrefriado. (*Empúrrea con suavidade dentro da casa, a pesar da súa resistencia*)

SEÑORA LINDE: Boa noite!

NORA: Kristina!

HELMER: Señora Linde, que fai vostede aquí a estas horas?

SEÑORA LINDE: Ten que perdoar, devecía por ver a Nora co disface.

NORA: Estiveches agardándome?

SEÑORA LINDE: Estiven, mais non cheguei a tempo, estabades xa no piso de arriba. Así que decidín agardar para verte.

HELMER: (*Quita o chal que leva Nora*) Mírea ben, señora Linde. Abofé que paga a pena vela. A que está marabillosa?

NORA: Abofé que si.

HELMER: Non lle parece que está máis fermosa ca nunca? Tamén mo dixeron os demais na festa, pero é tan teimuda, esta deliciosa cousiña miña. Que podemos facer con iso? Case non podo con ela para baixala.

NORA: Torvald, vaste arrepentir de non concederme nin sequer media hora máis.

HELMER: escoita o que di, señora Linde? Baila a súa tarantela, ten un éxito extraordinario, moi merecido, aínda que na execución sobra algo de naturalidade, é dicir, algo no sentido das esixencias das regras da arte, pero pode pasar. O máis importante é que tivo éxito, moitísimo éxito. Así que non podo permitir que quede despois diso, pois botaría a perder todo o éxito. Impensable, así que levei a miña moza de Capri, a miña mocinha caprichosa, podería dicir, do brazo e presenteina; unha inclinación por aquí, outra por alá, e como din nas novelas, a bela aparición esvaeceu. O final sempre ten que impresionar, señora Linde, pero non podo facer que Nora o entenda. Vaia, que calor vai nesta casa! *(Tira a capa sobre unha cadeira e abre a porta do seu despacho)* Que? Non hai luz? Ah, claro, ten que perdoarme! *(Entra e prende a luz)*

NORA: *(Sen alento)* Que pasou?

SEÑORA LINDE: Falei con el.

NORA: E logo?

SEÑORA LINDE: Tes que contarlle todo ao teu esposo.

NORA: *(Queda)* Temíao.

SEÑORA LINDE: Non tes nada que temer por parte de Krogstad, pero terás que falar.

NORA: Non podo falar.

SEÑORA LINDE: A carta falará por ti.

NORA: Grazas, Kristina. Xa sei o que teño que facer. Ssssh...

HELMER: *(Entra de novo)* Ben, señora, admirouna xa dabondo?

SEÑORA LINDE: Si, así que boa noite!

HELMER: Vaia, xa? É seu ese labor?

SEÑORA LINDE: Si, grazas. Case o esquezo!

HELMER: Así que vostede tece?

SEÑORA LINDE: Pois, si.

HELMER: Sabe?, debería bordar.

SEÑORA LINDE: E por que tiña que bordar?

HELMER: Pois porque é máis elegante: cóllese a peza para bordar coa man esquerda, e entón lévase a agulla na man dereita, ve como?, nun xesto suave..., non cre?

SEÑORA LINDE: Ben, pode ser.

HELMER: Non obstante, tecer só é desagradable. Sempre cos brazos pegados contra o corpo, as agullas que soben e baixan, hai algo chinés nese movemento... Ah, a verdade é que foi un champaña extraordinario o que serviron...

SEÑORA LINDE: Boa noite, Nora, e deixa de ser teimuda.

HELMER: Ben falado, señora Linde.

SEÑORA LINDE: Boa noite, señor director!

HELMER: *(Acompaña a deica a porta)* Boa noite, boa noite! Agardo que chegue ben á súa casa. Eu mesmo non tería inconveniente... pero a súa casa está a tan pouca

distancia... Boa noite, boa noite! (*Pecha a porta e entra na sala*) Ben, por fin conseguimos que marchase. É un pouco pesadiña, coitada!

NORA: Debes de estar moi canso, Torvald.

HELMER: Non, en absoluto.

NORA: Non tes sono tampouco?

HELMER: Nada, ao contrario. Síntome francamente moi animado, pero ti tes cara de estar cansa e con gana de durmir.

NORA: Si, estou moi cansa. Quero ir durmir agora mesmo.

HELMER: Non ves como foi unha boa idea que non quedásemos máis tempo!

NORA: Sempre tes razón!

HELMER: (*Bícaa na fronte*) Por fin, a miña rula fala coma unha persoíña... Pero viches o animado que estaba o doutor Rank?

NORA: Ah, si. É certo! Non cheguei a falar con el.

HELMER: Eu tampouco, pero hai tempo que non o vía de tan bo humor. Hmmm, pero non é marabilloso estar de volta na nosa casa, e estar a soas contigo! A miña esposa, tan nova e deliciosa, fermosa!...

NORA: Non me mires así, Torvald!

HELMER: Como non vou mirar a miña propiedade máis prezada? Toda esa delicia que é miña, só miña, miña enteira!

NORA: (*Escapa ao outro lado da mesa*) Torvald, non quero que me fales así esta noite.

HELMER: (*Séguea*) E aínda levas a tarantela no sangue,

polo que vexo, faite incluso máis atractiva. Escoita, xa marchan os convidados de arriba. (*Quedo*) Pronto a casa quedará en silencio.

NORA: Iso espero.

HELMER: Si, verdade, miña amada Nora. Sabes por que, cando estamos a soas, apenas falo contigo e mantéño-me lonxe de ti e só boto unha ollada de cando en vez cara a onde estás? Sabes por que o fago? É porque imaxino que es o meu amor secreto, a miña prometida, tan nova, e que ninguén sospeita o que hai entre ambos os dous.

NORA: Pois, xa vexo que todos os teus pensamentos están comigo.

HELMER: E cando imos marchar e poño o chal sobre os teus ombros de moza, sobre esa caluga inclinada, deliciosa, entón penso que estamos aínda no día da nosa voda e que acabamos de chegar da igrexa, e que é a primeira vez que estou a soas contigo, sós os dous, a miña marabilla que tremes tan nova... Levo a noite enteira desexando estar contigo. E cando me acheguei e te collín na tarantela, fervía en desexos, non podía agardar máis e tróuxente cedo de volta á casa.

NORA: Para, Torvald. Déixame xa! Agora non quero...

HELMER: Que significa iso? Seica estás a xogar comigo, Noriña? Non quero, dis? Acaso non son eu o teu esposo?

*Chaman á porta.*

NORA: (*Dá un brinco*) Escoitaches iso?

HELMER: (*Cara ao recibidor*) Quen é?

RANK: (*Dende fóra*) Son eu, podo pasar un momentíño?

HELMER: (*En voz baixa, molesto*) E agora que quererá?  
(*En alto*) Agarda un intre. (*Marcha á porta e abre*)  
Agradézoche que non pases por diante da nosa porta sen chamar.

RANK: Pareceume escoitar a túa voz e pensei en pasar.  
(*Mira ao seu redor*) Como adoro este lugar tan acolledor!  
Vésevos tan tranquilos e contentos na vosa casa!

HELMER: Ti tamén parecías moi contento no piso de arriba!

RANK: Unha festa excelente! E por que non? Por que non iamos gozar de todas as cousas deste mundo? Todo o que se poida e mentres se poida. O viño era soberbio.

HELMER: E mais o champaña.

RANK: Ti tamén o notaches? Foi increíble a cantidade de champaña que metín no corpo!

NORA: Torvald tamén bebeu moito champaña esta noite.

RANK: Vaia.

NORA: E sempre se pon tan simpático despois.

RANK: E por que non iamos pasalo ben pola noite tras un día completíño?

HELMER: Completo?, pois eu non podo dicir o mesmo.

RANK: (*Dálle un golpe nun ombreiro*) Pero eu si me atrevo, sabes?

NORA: Doutor Rank, coido que vostede se dedicou a unha investigación científica hoxe.

RANK: En efecto.

HELMER: Vaia, vaia, a Noriña falando de investigacións científicas.

NORA: Podo felicitalo polo resultado?

RANK: Si, si que pode.

NORA: Entón, o resultado foi bo?

RANK: Si, o mellor. Tanto para o médico como para o enfermo. Con certeza.

NORA: (*Rápido, inquisitiva*) Con certeza?

RANK: Con total certeza. Despois de todo, como non ía querer pasar unha noite alegre!

NORA: Fixo vostede ben, doutor Rank.

HELMER: O mesmo digo, pero a ver se non pasa factura á mañá seguinte.

RANK: Ben, non se consegue nada sen esforzo nesta vida.

NORA: Doutor Rank, paréceme que a vostede llè gustan moito os disfraces.

RANK: Si, cando abundan os bos disfraces.

NORA: Atenda, de que imos disfrazarnos, ambos os dous, no próximo baile de máscaras?

HELMER: Esta neniña..., pero xa estás a pensar no seguinte!

RANK: Nós os dous? Verá, vostede será unha nena nacida froito do amor.

HELMER: Moi ben, pero hai que atopar o disfraz que demostre que o é.

RANK: Tes que deixar que a túa muller pase pola vida tal e como é.

HELMER: Aí douche toda a razón. E ti non sabes de que queres ir?

RANK: Ai, meu querido amigo, seino perfectamente.

HELMER: De que?

RANK: No seguinte baile de máscaras eu vou ser invisible.

HELMER: Unha ocorrencia moi graciosa.

RANK: Non sabes que hai unha especie de sombreiro de abas grandes? Non escoitaches falar do sombreiro da invisibilidade? Cando o pos, ninguén pode verte.

HELMER: *(Oculta un sorriso)* Ves, aí acertaches!

RANK: Case esquezo dicirte por que estou aquí. Gustárame un dos teus puros, un dos habanos negros.

HELMER: Con grandísimo gusto. *(Saca a cigarreira)*

RANK: *(Toma un e corta a punta)* Grazas.

NORA: Podo darlle lume? *(Achégalle un misto prendido, acende o cigarro)*

RANK: Grazas. E agora adeus.

HELMER: Adeus, adeus, meu querido amigo.

NORA: Que durma ben, doutor Rank!

RANK: Grazas por ese desexo.

NORA: Ten que desexarme o mesmo.

RANK: A vostede? Ben, xa que mo pide. Que durma ben! E grazas polo lume. *(Fai unha inclinación de cabeza dirixida aos dous e marcha)*

HELMER: *(Polo baixo)* Moito bebeu.

NORA: *(Pensa noutra cousa)* Pode que si.

*Helmer saca o chaveiro do peto e marcha cara ao recibidor.*

NORA: Que vas facer agora?

HELMER: Teño que baleirar a caixa de correos, semella chea. Non queda sitio para os xornais de mañá.

NORA: Vas traballar esta noite?

HELMER: Xa che dixen que non, pero que pasou aquí? Alguén andou na pechadura.

NORA: A pechadura?

HELMER: Así é. Quen podería ser? Non creo que as doncelas... Aquí hai un alfinete. Nora, é o teu...

NORA: *(Interrompe)* Entón tiveron que ser os nenos.

HELMER: Xa lles estás dicindo que non fagan estas cousas. Hmm, hmm, xa a abrín de todos os xeitos. *(Saca o correo e berra cara á cociña)* Lena! Lena, apague a lámpada do recibidor. *(Entra na sala e pecha a porta do recibidor)*

HELMER: *(Coas cartas na man)* Mira cantas cartas se xuntaron. *(Mira as cartas)* E isto que é?

NORA: *(Volve cara á fiestra)* A carta... Non, non, Torvald, non!

HELMER: Hai dúas tarxetas de visita do doutor Rank.

NORA: Do doutor Rank?

HELMER: *(Mira as tarxetas)* Doutor Rank. Doutor en Medicina. Estaban de primeiras, debeunas deixar cando marchou.

NORA: Hai algún texto?

HELMER: Hai unha especie de cruz sobre o nome. Mira

que idea tan horrible... É coma se nos informase da súa propia morte.

NORA: Iso é o que fai.

HELMER: Que? Ti sabes algo? Díxocho a ti?

NORA: Si, contoume que cando chegase esta tarxeta, sería para despedirse de nós. Pensa pechase na casa e morrer.

HELMER: O meu querido amigo!, sabía que non ía telo comigo moito tempo. Pero tan rápido... E corre a agocharse na casa coma un animal ferido.

NORA: Se ten que pasar, é mellor non dicirse nin unha soa palabra de despedida, non cres, Torvald?

HELMER: *(Pasea pola sala)* Estivo tan unido a nós. Cústame imaxinar que vaiamos perdelo. El, co seu entusiasmo e a súa nostalxia, representaba a nosa felicidade. Ben, pode que sexa mellor así. Polo menos para el. *(Para)* E pode que tamén para nós, Nora. Agora non temos outra persoa e estamos nós sós. *(Abrázaa)* Miña amada muller, parece que nunca te apertarei dabondo. Sabes, Nora, ás veces desexaría que te vises ameazada por un perigo moi grande, para dar o meu sangue e a miña vida enteira por ti.

NORA: *(Fai que a solte, con decisión)* Agora vas ler as túas cartas, Torvald.

HELMER: Non, non quero ler esta noite. Quero estar contigo, miña amada muller!

NORA: Sabendo que o teu amigo vai morrer...

HELMER: Tes razón. Isto aféctanos aos dous. Temos a imaxe da morte e a corrupción entre nós. Precisamos

desfacernos dela. Deica entón, imos ir cada un ao seu cuarto.

NORA: *(Bota os brazos ao seu pescozo)* Torvald, boa noite. Boa noite!

HELMER: *(Bica a súa fronte)* Boa noite, miña rula cantareira. Que durmas ben, Nora. Agora vou ler as miñas cartas. *(Marcha ao seu despacho e pecha a porta)*

NORA: *(Cos ollos perdidos, corre pola sala, agarra a capa de Helmer e bótaa sobre os ombreiros, fala rápido, baixo e con interrupcións)* Xa non o vou ver nunca máis. Nunca, nunca máis. *(Pon o chal sobre a cabeza)* Non verei os meus nenos nunca máis. Nunca, nunca. A auga negra xeadá, a auga sen fondo... Ai, que isto remate xa... Agora xa a ten, agora está léndoa. Non, aínda non quero... Torvald, Torvald, e os nenos...

*Está a piques de marchar pola porta cando Torvald abre a súa porta con violencia. Está na porta coa carta aberta na man.*

TORVALD: Nora!

NORA: *(Berra)* Ah!

TORVALD: Pero isto que é? Sabes o que pon nesta carta?

NORA: Si, seino. Déixame marchar.

TORVALD: *(Suxéitaa con forza)* A onde pensas que vas?

NORA: *(Tenta que a solte)* Non quero que me salves, Torvald.

TORVALD: *(Bótase cara atrás)* É certo? É certo o que pon aquí? Vaites! É imposible que isto sexa verdade.

NORA: É verdade. Fíxeno porque te amaba por enriba de calquera outra cousa no mundo.

TORVALD: Non me veñas agora con excusas ridículas.

NORA: (*Dá un paso cara a el*) Torvald...

HELMER: Desgraciada, que é o que fixeches?

NORA: Deixa que marche. Non quero que sufras pola miña culpa. Non quero que te sintas responsable.

HELMER: Non fagas teatro. (*Pecha a porta do recibidor con chave*) Quedarás aquí para facermos contas. Entendes o que fixeches? Contesta! Entendes?

NORA: (*Mírao seguido e a súa expresión cambia a outra máis dura*) Si, xa vou comprendendo, e cada vez máis cousas.

HELMER: (*Pasea*) Que espertar tan duro. Ao longo destes oito anos, ela, que fora a miña ledicia e o meu orgullo, unha mentireira, unha hipócrita... non, aínda peor, unha criminal. Uf, que abismo tan terrible agocha todo isto!

*Nora cala e mírao seguido.*

HELMER: (*Diante dela*) Algo así tiña que pasar! Tiña que telo previsto. A falta de principios do teu pai! Cala! Toda esta carencia de principios son unha herdanza do teu pai. Sen relixión, sen moral, sen sentido do deber. E por iso agora me castigan porque o deixei ir. Fíxeno por ti, e ti agora devólvesmo deste xeito...

NORA: Si, deste xeito.

HELMER: E agora estragaches toda a miña felicidade. Botaches todo o meu futuro a perder. Tremo só de pensalo. Quedo nas mans dunha persoa sen principios que pode facer comigo o que queira, pode mandarme facer e dicir o que queira, e non vou atreverme a protestar. E si, vou tocar fondo por culpa dunha muller frívola.

NORA: Cando eu desapareza do mundo, ti serás libre.

TORVALD: De ningún xeito. Esas parvadas tamén mas soltaba o teu pai a todas horas. A min que me axuda que ti marches deste mundo, como dis? Non me axuda nada, el pode divulgar o asunto de todos os xeitos, e se o fai, van pensar que eu era consciente da túa acción criminal. Incluso poderían pensar que eu fun quen o inventou, que eu che dixen que o tiñas que facer. E todo isto é pola túa culpa, por ti, parece mentira que te levase nos meus brazos para evitarche sufrimentos un día tras outro durante o noso matrimonio. Entendes agora o que me vés de facer?

NORA: (*Tranquila, fría*) Pois si.

HELMER: É tan increíble que non o podo entender, pero temos que atopar unha solución. Quita o chal. Fóra ese chal! Teño que satisfacelo dun xeito ou doutro. Hai que silenciar este asunto. Ti e mais eu temos que aparentar que todo segue coma antes. Pero naturalmente só ante os ollos dos demais: Vas seguir nesta casa, está claro, pero non vas poder educar os teus fillos, non chos podo confiar. Ai!, que teña eu que dicir todo isto á persoa que amei tanto, e que aínda... Ben, rematamos; para min o asunto morreu! De hoxe en diante xa non se trata da felicidade, trátase dos restos, os anacos, as aparencias. (*Soa a campá da porta*)

HELMER: (*Pega un brinco*) Quen será? Tan tarde? Só faltaría que... Ese home podería... Agóchate, Nora. Di que estás enferma... (*Nora queda inmóbil. Helmer abre a porta do recibidor*)

A CRIADA: (*A medio vestir na porta da rúa*) Traen unha carta para a señora.

HELMER: Dáma. (*Colle a carta e pecha a porta*) Si, é del. Non, non cha dou. Vou lela eu.

NORA: Podes ler.

HELMER: (*Preto da lámpada*) Fáltame valor para facelo. Seica estamos perdidos ti e mais eu. Non, teño que sabelo. (*Abre a carta á présa, le unhas liñas, mira un papel adxunto, berra de ledicia*) Nora!

*Nora interrógao coa mirada.*

HELMER: Nora, déixame lelo outra vez. Si, si, así é. Estou a salvo! Nora, estou a salvo!

NORA: E eu?

HELMER: Ti tamén, naturalmente, estamos a salvo, ambos os dous. Mira, mándache de volta o recibo da débeda. E escribe que o sente moito e arrepíntese, un cambio afortunado na súa vida; ben, que importa o que diga! Estamos a salvo, Nora. Ninguén pode facerche mal, Nora, miña Nora... non, primeiro imos botar fóra todo isto. Déixame ver. (*Bota unha ollada na data*) Non, non a quero mirar. Isto para min non é máis ca un pesadelo. (*Fai anacos as cartas e o recibo e bota todo no lume e mírao desaparecer*) Ben, xa non está. Dicía que dende a Noiteboa ti xa sabías... Deberon de ser tres días arrepiantes para ti, Nora.

NORA: Mantiven unha loita moi dura estes tres días.

HELMER: Amáchesme como debe amar unha muller ao seu esposo. O que pasou foi que non tes xuízo dabondo como para saber cal debía ser o procedemento. Pero non crerás que eu te vou amar menos por non saberes actuar pola túa conta. Non, o que tes que facer é apoiarte en min, aconsellareite, vouche mostrar

o camiño. Que sexas unha pobre moza desamparada faite dobremente atractiva para min. Non debes ter en conta a dureza das miñas palabras, só o dixer nos primeiros momentos de pánico cando pensei que todo me viña encima. Xa te perdoei, Nora. Xúrocho, xa tes o meu perdón.

NORA: Douche as grazas polo teu perdón. (*Sae pola porta da dereita*)

HELMER: Non, queda comigo. Que fas no teu dormitorio? (*Mira dentro*)

NORA: (*Dentro*) Quito o disfrace.

HELMER: (*Na porta aberta*) Si, tes que descansar e tes que recobrar o teu equilibrio, miña rula asustada. Eu protexereite coas miñas ás... (*Marcha dun lado a outro diante da porta*) Ai, que cálido é o noso fermoso fogar! Aquí podes agocharte tranquila, protexereite coma unha pomba escorrentada que salvei das gadoupas do falcón. Vou tranquilizar o teu corazón latexante. Vouno facer pouco a pouco, Nora, mañá todo isto parecerache moi distinto; pronto as cousas van volver ser coma antes, xa non terei que repetirche que te perdoei, ti mesma sentirás que o fixen. Como puidiches pensar que pretendía botarte fóra ou reprocharche algunha cousa? Non coñeces os sentimentos dun verdadeiro home, Nora? Para un home é tan doce e satisfactorio saber que perdoou a súa muller, que a perdoou dende a sinceridade do seu corazón. Dese xeito ela é dobremente súa. É coma se a fixese nacer de novo, é ao mesmo tempo a súa muller e a súa filla pequena. Iso é o que serás para min dende este momento, Nora, a miña neniña desamparada e sen sentido. Non teñas medo de nada, Nora, só tes que

contarmo abertamente, e serei a túa vontade e a túa consciencia. Pero que fas agora? Non ías para a cama? Cambiaches de roupa?

NORA: *(Coa saia de todos os días)* Si, Torvald, xa cambiei de roupa.

HELMER: Pero, que pasa... tan tarde?

NORA: Esta noite non penso durmir.

HELMER: Pero miña querida Nora...

NORA: *(Mira o seu reloxo)* Aínda non é moi tarde. Senta, Torvald, isto pode levarnos un tempo. Aínda nos queda moito que falar. *(Senta nun lado da mesa)*

HELMER: Nora, que tes? E esta expresión tan dura?

NORA: Senta. É só un intre. Teño moitas cousas que dicirte.

HELMER: *(Senta na mesa un pouco máis ao fondo)* Metes medo, Nora. Non te entendo.

NORA: Si, iso é o que pasa, non me entendes. E eu non te entendía a ti, non até esta noite. Non, non me interrompas. Só tes que escoitar o que che teño que dicir. Imos falar claro, Torvald.

HELMER: E iso que significa?

NORA: *(Despois de calar un intre)* Aquí sentados os dous, non hai nada que che chame a atención?

HELMER: E que podería ser?

NORA: Levamos oito anos de matrimonio. Non te decatás de que é a primeira vez que ti e mais eu falamos en serio?

HELMER: Pois, en serio... non sei...

NORA: Nos oito anos que levamos xuntos e incluso tempo antes, dende que nos coñecemos, non mantivemos unha soa conversa seria.

HELMER: E logo cres que tiña que contarche as miñas preocupacións a todas horas cando de todos os xeitos non ías saber como solucionarlas?

NORA: Non falo de preocupacións. Digo que xamais sentamos xuntos para tratar de pórnos de acordo sobre as cousas.

HELMER: Pero miña querida Nora, iso para ti ía ter algún valor?

NORA: Diso se trata, Torvald. Nunca me puideches entender. Fixéchesme moito dano, Torvald, primeiro o meu pai e despois ti.

HELMER: Que dis? Nós?, os dous homes que te amamos máis ca calquera outra persoa no mundo?

NORA: *(Nega coa cabeza)* Non, non me amastes. Só vos parecía moi divertido pensar que estivestes namorados de min.

HELMER: Pero Nora, que é o que me estás a dicir?

NORA: É así, Torvald. Mentres estiven na casa do meu pai, el contábame todo o que pensaba, e eu pensaba o mesmo. E se algunha vez pensaba distinto, non llo dicía porque a el non lle parecía ben. Dicía que eu era a súa linda bonequiña, e xogaba comigo coma eu xogaba coas miñas bonecas. E despois cheguei á túa casa...

HELMER: Non fales así do noso fermoso matrimonio.

NORA: *(Sen facer caso)* Quero dicir que pasei das mans

do meu pai ás túas. Todo o resolvías segundo o teu gusto, e eu collín ese mesmo gusto, ou facía que o collía, non o sei moi ben. Coido que ambas as cousas, tanto ten. Agora que o vexo, penso que vivín nesta casa da túa esmola, da man á boca. Vivín facéndoche grazas, Torvald. Ti e mais papá estades en débeda comigo. Non fun capaz de chegar a ser persoa por culpa vosa.

HELMER: Nora, agora estás sendo irracional e desagradecida. Non fuches feliz nesta casa?

NORA: Non, nunca o fun. Pensei que o fora, pero non o fun.

HELMER: Non?, non fuches feliz?

NORA: Non, soamente alegre. Sempre fuches tan bo comigo. Pero o noso fogar nunca foi outra cousa ca un cuarto de xogos. Fun a túa muller-boneca, como fun a nena-boneca do meu pai. E os nenos foron as miñas bonecas. Cando te puñas a xogar cómigo parecíame tan divertido, da mesma maneira que os nenos se puñan contentos cando eu xogaba con eles. Así foi o noso matrimonio, Torvald.

HELMER: Hai algo de verdade no que dis, aínda que é moi esaxerado e histérico. Pero a partir de agora vai ser diferente. O tempo do xogo rematou, agora pasamos á educación.

NORA: E a quen vas educar, a min ou aos nenos?

HELMER: Tanto a ti coma aos nenos, miña amada Nora.

NORA: Ai, Torvald, ti non es o home axeitado para educarme a min e converterme na túa muller tal e como ti o entendes.

HELMER: Mira quen falou.

NORA: E eu estou preparada para educar os fillos?

HELMER: Nora!

NORA: Acabas de dicirme que non confías en min para esa tarefa.

HELMER: Díxeno cando estaba alporizado. Non debiches facerme caso.

NORA: Si, falaches moi ben. Non estou preparada para esa tarefa. Primeiro hai un asunto que teño que resolver. Teño que educarme a min mesma. Non es home para axudarme con iso. Teño que estar soa para poder facelo. E por iso marcho desta casa.

HELMER: (*Érguese*) Que foi o que dixeches?

NORA: Quero marchar agora mesmo. Seguro que Kristina me pode recibir esta noite.

HELMER: Toleas. Non che deixo. Prohíbocho.

NORA: Xa non che paga a pena prohibirme nada de hoxe en diante. Levo o que me pertence, cousas persoais. De ti non quero saber nada, nin agora nin nun futuro.

HELMER: Pero que clase de tolaría é esta?

NORA: Mañá marchó á miña casa, quero dicir ao que foi a miña casa. Alí terei máis posibilidades de atopar algunha cousa...

HELMER: Que cega estás!, e ademais non tes experiencia...

NORA: Experiencia xa terei, Torvald.

HELMER: Deixas a túa casa, os nenos e o teu esposo? E non pensas no que vai dicir a xente?

NORA: Iso a min non me importa. Só sei que é necesario que o faga.

HELMER: Uf, isto é un escándalo. Entón non che importa traizoar os teus compromisos máis sagrados?

NORA: Cales son as miñas responsabilidades máis sagradas?

HELMER: Teño que repetircho? Cara aos teus fillos e o teu esposo.

NORA: Teño outras responsabilidades máis prioritarias.

HELMER: Non as tes. Que responsabilidades son esas?

NORA: As que teño comigo mesma.

HELMER: Ti es primeiro esposa e nai.

NORA: Xa non creo niso. Penso que primeiro son unha persoa, eu son un ser humano coma ti. Ou polo menos farei un esforzo para selo. Xa sei que a maioría da xente che dará a razón, Torvald, e algo debe aparecer nos libros. Pero eu xa non podo seguir facendo o que os demais opinen, Torvald, nin o que din os libros. Teño que pensar por min mesma e tomar as miñas propias decisións.

HELMER: E non sabes cal é a túa posición na túa propia casa? Non tes nese caso unha guía que non falla? Non tes a relixión?

NORA: Vaia, Torvald, non sabemos con certeza o que é a relixión.

HELMER: Pero que é o que me estás a dicir?!

NORA: Digo que non sei máis ca o que nos dixo o pastor Hansen cando nos estivo a preparar para a confirmación. Díxonos que a relixión era isto e mais estoutro.

En canto me libere e poida estar soa vou investigar sobre ese asunto tamén. Quero saber se é como dixo o pastor Hansen. Quero saber se é válido para min.

HELMER: Isto é o nunca visto nunha muller tan nova! Pero se a relixión non pode salvarte, teño que apelar á túa razón. Porque aínda che queda un pouco de sentido moral, non si? Contéstame, Nora, ou xa non che queda nin iso?

NORA: Verás, Torvald, non é unha pregunta doada de contestar. Non sei. Polo de agora non teño as cousas moi claras. Só sei que a miña opinión difire da túa. Ultimamente escoitei tamén que as leis son moi distintas do que eu pensaba; pero que esas leis poden ser as verdadeiras, isto non consigo metelo na cabeza. Parece que unha muller non ten o dereito de protexer o seu vello pai no leito de morte, ou de salvar a vida do seu home. Non podo crer nesas cousas.

HELMER: Falas coma unha nena pequena. Non entendes a sociedade en que vivimos.

NORA: Non, non a entendo. E agora quero aprender. E despois quero saber quen ten a razón, se eu ou a sociedade.

HELMER: Estás doente, Nora, tes febre. Penso que perdistes a razón e o sentido e todo.

NORA: Nunca estiven tan lúcida e serena coma até esta noite.

HELMER: E con esa seguridade marchas e deixas os teus nenos e o teu esposo?

NORA: Si, iso fago.

HELMER: Entón só lle atopo unha explicación.

NORA: Cal é?

HELMER: Xa non me amas.

NORA: Non, iso é xusto o que pasa.

HELMER: Nora, e dismo sen máis?

NORA: Si, dóeme moito, Torvald, porque sempre fuches bo comigo, mais non podo facer nada. Xa non te quero.

HELMER: (*Loita para manter a tranquilidade*) E diso tamén estás segura?

NORA: Si, de todo. Por iso xa non quero estar aquí.

HELMER: E podes explicarme que fixen eu para perder o teu amor?

NORA: Si, sen dúbida. Foi esta noite cando o vin claro. Porque me decatei de que ti non eras o home que eu pensaba que eras.

HELMER: Explicáte mellor, non te entendo.

NORA: Agardei con moita paciencia durante estes oito anos. Meu Deus, xa sabía que os milagres non ocorren cada día. Entón todo me caeu encima e me fixo anacos, e daquela souben que tiña que suceder un milagre. En ningún momento pensei que ías ceder ás esixencias de Krogstad. Estaba convencida de que lle ías dicir que llo podía contar a todo o mundo. E cando rematase...

HELMER: Entón, que? Cando rematase de expor o honor da miña muller para vergoña e mofa de todos...

NORA: De pasar iso, tiña a seguridade de que asumirías que era culpa túa. Ías saír e dicir: eu son o culpable.

HELMER: Nora...

NORA: Ías engadir que eu nunca aceptaría semellante sacrificio teu? Pois claro que non. Pero de que ían servir as miñas aseveracións ante as túas? Eu estaba agardando a que sucedese. Tiven tanto medo. E para evitalo quixen terminar coa miña vida.

HELMER: Traballaría día e noite por ti, Nora. Soportaría penas e perdas por ti. Pero non podo aceptar que ningún perda o seu honor pola persoa que ama.

NORA: Centos de mulleres o perderon!

HELMER: Veña, Nora, pensas e falas coma unha nena irresponsable.

NORA: Pode ser, pero ti nin pensas nin falas como o home co que podería vivir. Cando che pasou o medo, non polo que me ameazaba a min, senón polo que supuña para ti, foi cando actuaches coma se non pasase nada antes. Xa era de novo a túa rula cantareira, a túa boneca, e ías tratala con máis coidado e suavidade ca antes, xa que tiña tan pouca forza e rompía con tanta facilidade. (*Érguese*) Torvald, nese momento decateime de que durante oito anos vivira cun estraño e que con el tivera tres nenos. Uf, non podo nin pensar niso! Éntranme ganas de castigarme.

HELMER: (*Con insistencia*) Xa vexo, xa vexo. Entre nós abriuse un precipicio. Ai, Nora, non poderíamos pechalo?

NORA: Agora mesmo non son muller para ti.

HELMER: Podo esforzarme en ser outro.

NORA: Pode que si, se che quitan a boneca.

HELMER: Separarme... separarme de ti, Nora., non podo nin imaxinalo.

NORA: *(Entra no cuarto da dereita)* Así e todo, vai pasar.  
*(Sae co seu abrigo e un bolso que coloca na cadeira  
diante da mesa)*

HELMER: Nora, Nora, agora non. Agarda deica mañá.

NORA: Non, non podo pasar a noite na casa dun estraño.

HELMER: Pero non podemos vivir aquí coma un irmán e  
unha irmá?

NORA: *(Ata o sombreiro)* Sabes moi ben que iso non ía  
durar moito tempo. *(Pasa o chal polos ombros)* Adeus,  
Torvald. Non quero ver os pequenos. Sei que quedan  
mellor nas túas mans ca nas miñas. Dada a miña  
situación, non podo ser unha nai para eles.

HELMER: Pero algún día, Nora, algún día...

NORA: Como o vou saber? Non sei nin o que vai pasar  
comigo.

HELMER: Pero ti es a miña esposa, agora e no futuro.

NORA: Escoita, Torvald, cando unha muller marcha da  
casa do seu home, tal e como eu fago agora, sei que  
segundo a lei xa non ten compromisos con ela. Neste  
momento eu libérote de todos os teus compromisos  
comigo. Non debes sentir que tes unha atadura e eu  
tampouco a teño contigo. Ambos os dous teremos  
plena liberdade. Mira, douche o teu anel. Tes de dar-  
me o meu.

HELMER: Iso tamén.

NORA: Tamén iso.

HELMER: Aquí o tes.

NORA: Así, xa rematou todo. Deixo as chaves aquí. As  
doncelas xa saben que facer con todo o da casa mellor

do que eu sei. Mañá, cando xa non estea na vila,  
pasará Kristina e recollerá todas a cousas que trouxen  
da miña casa. Quero que mas mande.

HELMER: Rematou... rematou. Non vas pensar nunca máis  
en min, Nora?

NORA: Pensarei moitas veces en ti e nos nenos e nesta  
casa.

HELMER: Podo escribirche, Nora?

NORA: Non, xamais. Non me podes escribir.

HELMER: Pero podo mandarche... mandarche algo...

NORA: Non, nada.

HELMER: ... para axudarche se che fai falta.

NORA: Dígoche que non. Non penso aceptar nada de  
xente estraña.

HELMER: Nora, non vou ser nunca outra cousa ca un es-  
traño para ti?

NORA: *(Colle o bolso)* Pois para iso tería que suceder un  
milagre.

HELMER: Tes de dicirme cal é ese milagre.

NORA: Ti e mais eu temos que cambiar de xeito que...  
Non, xa non creo nos milagres.

HELMER: Pero eu quero crer! Se o chamas polo seu  
nome... Podes facer que cambiemos ti e mais eu de  
xeito que...

NORA: ... que a nosa convivencia sexa un matrimonio.  
Adeus.

*Sae polo recibidor.*

HELMER: (*Déixase caer nunha cadeira preto da porta e agocha a cabeza nas mans*) Nora, Nora. Baleiro. Xa non está... (*Parece que ten unha esperanza*) Un milagre?

*Escóitase como pecha a porta da rúa.*

## EPILOGO

### A LIBERACIÓN COMO ÉTICA FEMINISTA

*Casa de bonecas* pertence aos dramas realistas de Ibsen, como *Un inimigo do pobo*, *Os piares da sociedade* ou *Espectros*, nos que o autor presenta os problemas da sociedade do seu tempo, segunda metade do século XIX, esquecendo os temas preferidos polo romanticismo, os heroes, os pasados gloriosos, e substituíndoos por persoas de carne e óso cos seus conflitos e problemas. O realismo desterra o pasado, rëcusa as obras románticas de exaltación do espírito nacional, e céntrase na época contemporánea, nas situacións cotiás, cunha perspectiva de crítica social. A súa obra é, neste sentido, comparable á de Rosalía de Castro. Ambos escriben no mesmo período histórico e séntense na obriga de denunciar a ausencia de razón e de xustiza.

Nestes dramas realistas, Ibsen denuncia a dobre moral da sociedade, a hipocrisía dos que se fan pasar por honrados, a corrupción do poder... Desautoriza a relixión e apela á xustiza para que os piares da sociedade sexan a verdade e a liberdade. Estamos, pois, ante unhas obras de profundo contido ético.

*Casa de bonecas* é un paradigma dos principios ideolóxicos do autor. Dentro dun ambiente de norma-

lidade burguesa, denuncia a situación de dependencia económica e social da muller casada, a misoxinia agachada entre afagos e aloumiños, unida á progresiva revelación do comportamento vil e mesquiño do pai de familia. Presenta unha familia exemplar, un marido, Helmer, cunha moral estrita, que aspira a mellorar económica e socialmente, que exerce o paternalismo para aparvar á súa esposa, Nora, unha muller nova, fermosa, alegre, que lle fai as beiras ao marido e xoga coas súas criaturas. Helmer trata a Nora como unha boneca. Ao comezo da obra, o marido está a punto de acadar un ascenso, a dirección do banco onde traballa, e isto vai mellorar a escasa economía doméstica que preocupa á esposa. Nora aparece, a través da opinión do esposo, como unha mulleriña frívola con tendencia a dilapidar, até que descubrimos que contraeu unha débeda no pasado para poder financiar unha viaxe ao sur para mellorar a saúde do seu doente marido. Esta débeda provoca o principal conflito da obra. O marido non debe sabelo e Nora mente para salvarlle a vida, e non só iso, senón que falsifica a sinatura do seu pai agonizante. Ese segredo tena adocida e o próximo ascenso de Helmer, coa correspondente mellora económica, vaina liberar. Pero o primeiro que fai o marido no novo cargo é cesar ao empregado que lle fixera o préstamo a Nora, alegando unha falta de honradez cometida no pasado, aínda que do que se trata é da propia egolatría. O cesado vai utilizar o documento da débeda contraída por Nora como chantaxe para permanecer no cargo. Nora non poderá evitar que se desvele o seu segredo e pensa incluso en suicidarse para evitarlle a vergonza ao marido e que este teña que cargar coas súas irresponsabilidades. Confía na nobreza do marido e no seu amor. Pero pronto descobre a

un individuo ruín e egoísta que nunca a amou de verdade, un ser que alardea de ser irreprochable cando, de feito, é un inmoral.

Na obra revélase unha crítica a varios aspectos do matrimonio, como a obrigatoriedade de casar por razóns económicas. Cristina, a amiga de Nora, debe renunciar ao home que amaba para casar co que tiña maior solvencia económica, que lle permitirá coidar á nai viúva e enferma e ós irmáns pequenos. A pesar do sacrificio, o marido non resulta tan opulento como parecía, e, ao morrer, terá que empregarse nunha oficina para seguir vivindo coa nai ao seu cargo. Cristina representa a muller que se emancipa, xa sen marido, e gracias ao traballo. Nora debe dedicarse ao seu rol de esposa e nai. Para ir saldando a débeda fai traballos de man, labores femininos, ou de copia de escritos. Fainos ás agachadas, de noite, para que non a vexa o marido. A pesar da fatiga que estes traballos lle ocasionan, confesa que lle reportan «satisfacción» porque «case me parecía que era un home», unha persoa responsable. Nesa época, para un matrimonio de clase media, aínda que o salario do marido fose insuficiente, coma neste caso, non estaba ben visto que a muller traballase fóra de casa, e suporía unha deshonra para o home. Ademais, o propio marido non considera á muller intelixente e capaz de realizar un traballo masculino. Helmer marca rixidamente o papel doméstico da muller: a atención da casa e das criaturas. Non atura nin aos propios fillos e declara que «estar cos nenos é insoportable para quen non é nai». A esposa debe confortar e alegrar ó marido, ser «a súa londra que trina, o esquío que bole», unha nena fermosa e cantora, ben adubada e disposta sempre a agradar e divertir unicamente ao esposo, que é o dono de tales grazas.

Tanto é así que os labores domésticos deben facerse cando o señor non está presente, para non molestalo con esas banalidades.

O amor de Helmer polo seu xoguete non inclúe a súa valoración persoal. Considéraa unha boneca voluble e superficial. Culpa ás mulleres de todo mal, seguindo o modelo cristián de Eva, e afirma que «case todas as persoas depravadas tiveron nais mentireiras», co cal achácalle ao modelo materno a maldade e entra en contradición co rol que lles adxudica, ao consideralas inadecuadas para educar a prole e transmitirle modelos positivos. Helmer considera á muller pueril, incapaz de tomar decisións adecuadas, e dirixe todos os seus comportamentos. Nora, ao final da obra, enfrontada á realidade, reconece que viviu como as pobres, «das piruetas que facía para recrearte», que foi un xoguete, primeiro para o pai e despois para o marido. Eles «teñen a culpa de que eu non sirva para nada». Pero antes, mesmo sendo consciente de que é a súa boneca, toléao por amor, para manter a felicidade do seu fogar. Cando descobre a súa mesquindade decátase de que non pode seguir vivindo con el e abandona o fogar. A clave da separación radica en que teñen dúas concepcións da moral diferentes. En contra do marido que lle lembra a súas sagradas obrigas como esposa e nai, Nora elixe a fidelidade coa propia persoa, os deberes para consigo mesma. E sabe que para iso debe saír do ámbito privado, da familia, do lugar onde foi privada de autonomía e personalidade, e pasar á esfera pública onde rexen os valores cos que se quere identificar, coa razón, coa xustiza, coa verdade.

Vemos como Ibsen está moi lonxe de valorar á muller tradicional que ten como primeiro obxectivo a defensa dos seus, dun modo instintivo, como unha

leoa, aínda que esa defensa sexa inmoral. Nora négase a mentir para salvar a un marido deshonesto. Négase a ocultar o sucedido, a lavar os trapos sucios na casa. Defender ós seus, sexa como for, non é ético para Ibsen.

A muller de Ibsen é o prototipo do feminismo ilustrado e racionalista, un feminismo definido como unha ética da xustiza por Amelia Valcárcel

Nora non persegue a súa liberación, entendida esta como escapar da custodia marital, vivir a súa vida, emanciparse. Nora escapa da mentira, da inmoralidade. Confesa que non pode seguir amando a un home vil e corrupto. A liberación de Nora está motivada pola ética.

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN